



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de novembro de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día quince de novembro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a letrada-xefa de Asesoramento, Sra. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(912).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbanse as actas das sesión extraordinarias e urxentes do 5 e 8 de novembro e ordinaria do 8 de novembro de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(913).- REEQUILIBRIO DA CONCESIÓN DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS. EXPTE. 3773/449.

Visto o informe xurídico do 8/11/2024 e o informe de fiscalización do 12/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 05/11/2024, asinado pola xefa da Área

de contratación e Novos Proxectos, a xefa do Servizo de Transportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes e pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Decreto 923/1965, do 8 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de contratos do Estado (LCE).
- Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Contratación do Estado (RGCE).
- Decreto do 9 de xaneiro de 1953 polo que se aproba o Regulamento de contratación das Corporacións Locais.
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a concesión administrativa do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo, aprobada polo Pleno do Concello de Vigo na sesión de 26 de maio de 1994.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto 407/2021, de 8 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a favor das entidades locais que prestan o servizo de transporte público.

ANTECEDENTES

-I-

1. En data 16 de setembro de 1994 o Pleno do Concello de Vigo adxudicou a Viguesa de Transportes, S.A. (en adiante VITRASA), a concesión de transporte urbano colectivo de viaxeiros por un prazo de 25 anos, prorrogables por períodos de cinco



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

anos e ate un limite de 35 anos. O prego que rexeu a contratación aprobouse mediante acordo plenario do 26 de maio de 1994.

2. En data 5 de xuño de 2020, a XGL aprobou unha prórroga deste contrato por un período de 5 anos a partir do día 8 de xuño de 2020 (expediente nº 3080-449).

-II-

1. En data 18 de decembro de 2020 a XGL acordou, previa a tramitación dun expediente contradictorio (expediente nº 3.078-449), con audiencia ao interesado, en aplicación do disposto no artigo 30.4 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19,

"(...).

2º.- Reequilibrar a concesión de servizo público do transporte urbano colectivo de viaxeiros por mor da imposibilidade parcial da súa execución entre o 16 de marzo e o 14 de xuño de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019, e declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de marzo de 2020, e modificada en datas datas 13 de maio, 24 de maio e 5 de xuño para incrementar as porcentaxes de prestación do servizo.

3º.-A concesión reequilibrábase modificando o seu réxime económico establecendo unha compensación económica única ó concesionario, Viguesa de Transportes, S.L. (VITRASA), por un importe de 2.194.963,56 euros que aboarase en efectivo e se imputará a aplicación presupostaria 44122269900 (Reequilibrio Tuc) e a súa bolsa de vinculación".

2. En data 30 de xuño de 2021 a XGL acordou:

"1º.- En cumprimento do disposto no artigo 6.2 do Real Decreto 407/2021, de 8 de xuño, empregar a subvención concedida en data 23 de xuño de 2021 para compensar a Viguesa de Transportes, S.L. (VITRASA), compensar polo impacto ocasionado pola redución de ingresos do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros por mor da pandemia do COVID-2019, por un importe de 3.502.120,64 euros.

2º.- Este importe aboarase en efectivo e se imputará a aplicación presupostaria 44122269900 (Reequilibrio Tuc) e a súa bolsa de vinculación.

3º.- Todo ilo sen prexuízo de que se procedese no futuro o reequilibrio da concesión e resultase a obriga de compensar economicamente á concesionaria, deducirase o importe xa abonado por mor da perda de ingresos derivados da pandemia do COVID-2019 e da suspensión do servizo".

-III-

1. En data 5 de novembro de 2021 a XGL acordou (expedientes nº 3078-449, 3292-449 e 3332-449):

"1º.- Acumulación do recurso de reposición interposto en data 18 de xaneiro por D. Luís Alberto González Ferreiro, en nome de Viguesa de Transportes S.L., contra o acordo da XGL de 18 de decembro de 2020 e o recurso de reposición formulado por D. Carlos González Lozano, en nome e representación de VITRASA, en data 30 de xullo de 2021 contra o acordo da XGL de 30 de xuño de 2021 por canto os recursos gardan íntima conexión, conforme ó artigo 57 da LPAC, de acordo co exposto no fundamento xurídico III deste escrito.

2º.- Admitir o recurso de reposición interposto por D. Luís Alberto González Ferreiro, en nome de Viguesa de Transportes S.L., contra o acordo da XGL de 18 de decembro de 2020, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de xaneiro de 2021, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de decembro de 2020 (expediente 3078-449), por concorrer os requisitos legais consonte o exposto no fundamento xurídico IV deste escrito.

3º.- Admitir o recurso de reposición interposto por D. Carlos González Lozano, en nome de Viguesa de Transportes S.L., contra o acordo da XGL de 30 de xuño de 2021, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de xullo de 2021 (expediente 3292-449), por concorrer os requisitos legais consonte o exposto no fundamento xurídico IV deste escrito.

4º.- Desestimar os citados recursos de reposición, polas razóns expostas nos fundamentos xurídicos VI e VII do presente informe.

5º.- Con relación ás solicitudes de reequilibrio do contrato formuladas por VITRASA que non foron resoltas nos acordos impugnados, deberá presentarse unha nova solicitude consonte á normativa e ós requisitos previstos no fundamento xurídico VIII, no prazo dos dez días hábiles seguintes á notificación do presente acordo, tal e como sinala o artigo 68 da LPAC, con indicación de que de non facelo se lle terá por desistido da súa petición.

6º.- Contra a resolución dos recursos de reposición procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a notificación do presente acordo, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

7º.- A acumulación de procedementos acordada no punto 1º do presente acordo non é susceptible de recurso consonte ó disposto no artigo 57 da LPAC.

8º.- Os requirimentos relativos ás solicitudes de reequilibrio do contrato formuladas por VITRASA que non foron resoltas nos acordos impugnados, non son susceptibles de recurso, conforme ó previsto no artigo 112.1 da LPAC, por tratarse de actos de trámite non cualificados, xa que non deciden directa o



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

indirectamente sobre o fondo do asunto, non determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, nin producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos”.

2. Contra este acordo VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L. (VITRASA) interpón recurso contencioso-administrativo, que tramitouse como procedemento ordinario P.O 394/2021 perante o Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo e foi desestimado por sentenza nº 22/2023, de 1 de febreiro de 2023.

-IV-

1. O 23 de maio de 2022 D. Carlos González Lozano, en nome e representación de VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L. (VITRASA), presenta escrito no Rexistro Xeral deste Concello (código de solicitude W698360-5993) (expediente nº 3.773-449), no que tras expoñer a situación económica da empresa solicita a modificación do Contrato ao amparo do establecido no artigo 205 da LCSP. Acompaña a súa solicitude as contas anuais do exercicio 2021 e o informe de xestión, xunto co informe de auditoría independente, NOVADAYS.

2. A Concelleira delegada de Contratación en resolución de 1 de xullo de 2022 acordou:

“1º.- Á vista da documentación obrante nesta Administración, non procede iniciar o procedemento para a modificación da concesión administrativa do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo polas razóns expostas no fundamento xurídico III.

2º.- A estes efectos, VIGUESA DE TRANSPORTES, S.A., deberá achegar proba ou informe pericial independente que acredite que, como consecuencia do impacto da crise sanitaria provocada polo COVID-19 no uso do transporte urbano, se produciu unha ruptura substancial da economía do contrato considerado no seu conxunto (que é, non referirse exclusivamente a un ou varios anos concretos senón á duración total dos mesmos, incluído o período de prórroga). Para estes efectos, o modelo económico-financeiro empregado para xustificar esta ruptura poderá basearse no desconto dos fluxos de caixa libres para todo o período de concesión, o que permite calcular o Valor Actual Neto (VAN) e a Taxa Interna de Rentabilidade (TIR) do investimento baixo os dous supostos realizados (a) Con COVID-19 e b) Sen COVID-19), de xeito que comparando estas magnitudes, se demostra un impacto substancial da crise na rendibilidade do proxecto, no prazo de 10 días hábiles”.

3. En data 22 de xullo de 2022 VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L. (VITRASA) presenta a documentación requirida.

4. Á vista da citada documentación, o Concello solicitou un informe dun perito independente, SEIXAS CONSULTORA, e o firma D. Francisco Xavier Martínez Cobas, profesor titular de Economía Financeira e Contabilidade da Universidade de Vigo. Este informe foi anexado ao expediente en data 18 de novembro de 2022. No mesmo ponse de releve a ruptura do equilibrio económico da concesión.

5. En data 23 de marzo de 2023, a instancia do Concelleiro delegado de Fomento e Servizos, o sr. Interventor Xeral, na súa función de asesoramento ou consultoría realizadas a petición do Alcalde ou concelleiro con competencias delegadas (artigo 4 do Real Decreto 128/2018), emite un informe avaliando o citado informe do perito, no que conclúe que existe unha ruptura do equilibrio económico da concesión.

6. A responsable do contrato, a petición do servizo de Contratación, emite informe sobre as opcións posibles para o reequilibrio do contrato o 3 de abril de 2023.

-v-

1. En data 4 de abril de 2023, a concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal acordou *"Incoar expediente de reequilibrio da concesión de transporte urbano colectivo de viaxeiros, adxudicada polo Pleno do Concello de Vigo o 16 de setembro de 1994 a VIGUESA DE TRANSPORTES, S.A. (VITRASA)"* (expediente 3.773-449).

2. Incoado o expediente de reequilibrio, evacuouse trámite de audiencia ao Concesionario, que, en escrito presentado no Rexistro Xeral o 27 de abril, solicita unha compensación de *"30.215.138, 83 euros, a los que habrá que sumar el impacto que previsiblemente tendrá la actualización de los salarios de los trabajadores de VITRASA una vez finalice el proceso de negociación colectiva que actualmente se encuentra en tramitación y que se situarán, en principio, en un intervalo entre 597.225,32 y 1.109.132,74 euros"*. Acompaña a solicitude cun informe da consultoría Novadays, de abril de 2023.

3. Para determinar a compensación económica a aboar ao contratista, esta Administración solicitou un ditame pericial a D. Enrique M. González González, economista - auditor, colexiado nº 410 do Ilustre Colexio de Economistas de Pontevedra e membro nº 5819 do instituto de Censores Xurados de Contas de España (Vento Abogados y Asesores), que o emite o 12 de xullo de 2023.

4. Sobre o mesmo informa o Sr. Interventor Xeral o 20 de outubro, a instancia da Concelleira da área de Contratación, na súa función de asesoramento ou consultoría (artigo 4 do Real Decreto 128/2018), así como a responsable do contrato o 27 de outubro.

5. A xefa do servizo de Transportes, o 27 de outubro, á vista dos informes citados nos apartados anteriores, determinou o importe do reequilibrio económico-financieiro, e solicitou á Área de Contratación a continuación da tramitación do citado expediente.

6. Evacuado trámite de audiencia a VITRASA, presentou escrito o 11 de novembro, no prazo concedido para o efecto, no que manifesta que *"discrepa del importe del reequilibrio económico-financiero allí determinado y considera que el mismo debería ascender a las cantidades ya expresadas por VITRASA (y validadas por un experto independiente) en los trámites previos del presente expediente"*, sen argumentar nada máis para desvirtuar os informes citados nos apartados 3 y 4 deste antecedente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

7. Rematado o expediente, a técnica que subscribe formulou un informe proposta de reequilibrio da concesión á XGL, asinado en data 23 de novembro de 2023, que foi obxecto dos seguintes informes:

- Informe da Asesoría Xurídica, de data 30 de novembro de 2023, favorable á proposta de reequilibrio.
- Informe de Fiscalización, de data 11 de decembro de 2023, tamén favorable á proposta de reequilibrio.

8. En data 15 de decembro o expediente remitiuse á Oficina Nacional de Evaluación (ONE) para a emisión do informe Preceptivo previsto no artigo 333.3 da LCSP a través da súa plataforma (nº de rexistro 2023-E-RE-99).

9. A ONE, en Resolución de 21 de decembro de 2023 declara a inadmisión da solicitude de informe preceptivo ao considerar:"...que para levar a cabo el restablecimiento del equilibrio económico de un contrato adjudicado el 16 de septiembre de 1994, la adopción del correspondiente acuerdo deberá ajustarse a los requisitos y previsiones que para ello se establecían en la normativa anterior a que fuera exigible la emisión del informe de la ONE, actualmente regulada en el artículo 333 de la mencionada ley."

-VI-

1. Para facer fronte ao reequilibrio da concesión de transporte colectivo urbano de viaxeiros, a xefa do servizo de Transportes, en data 17 de abril de 2024, solicitou a tramitación e aprobación dun crédito extraordinario financiado co recurso financeiro que conforma o remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, por importe de 12.107.630,57 €.

2. O Pleno da Corporación, en sesión de data 24 de setembro de 2024, aprobou definitivamente a Modificación Orzamentaria número 11,11A/ 2024, correspondente ao expediente nº 86/142, na cal se inclúe o importe solicitado polo servizo de transportes para facer fronte ao mencionado pago, aprobación que foi publicada no BOPP de data 27 de setembro de 2024.

-VII-

1. O Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2, en data 1 de setembro de 2023, ditou sentenza nº 209-2023, no procedemento ordinario 181-2022, que resolve o recurso contencioso-administrativo interposto por Viguesa de transportes, S.L., contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de 7 de abril de 2022, sobre revisión das tarifas dos exercicios de 2021 e 2022, do contrato de transporte urbano colectivo de viaxeiros. O fallo, que estimou en parte o recurso, determina que:

"Estimo parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la procuradora Soledad Fernández Urías procuradora Soledad Fernández Urías, en nombre y representación de Viguesa de transportes, S.L." VITRASA, frente

al Concello de Vigo y la resolución de 7 de abril del 2022 de la junta de gobierno local del Concello de Vigo, sobre revisión de tarifas correspondiente a los ejercicios de 2021 y 2022, expediente 3573/449.

Declaro la disconformidad a Derecho de esta resolución únicamente en lo que concierne al punto quinto de la propuesta que aprueba, relativa a la determinación de la tarifa del servicio regular de transporte urbano de viajeros en el año 2022, que se anula y revoca. Con condena del Concello de Vigo a efectuar en ejecución de la presente sentencia un recálculo de la estructura tarifaria, de acuerdo con la fórmula prevista en el art. 62.3 de los pliegos, con la única novedad respecto de las cifras resultantes en la resolución impugnada, de considerar que la variación del número de pasajeros ha sido de un incremento del 75%, con respecto al periodo comprendido entre el 1 de octubre y el 30 de septiembre del periodo 2020.

Y con condena al Concello de Vigo a abonar a VITRASA una cantidad en forma de compensación, por las cantidades dejadas de percibir a consecuencia de este déficit tarifario, que se calculará, en ejecución de esta sentencia, tras establecer los importes de los que deberían ser el precio del billete ordinario, y del precio coche/km, por diferencia entre las cantidades percibidas conforme a la tarifa efectivamente aplicada y las que debe percibir si se hubiera fijado correctamente.

Esa cantidad se incrementará con los intereses legales devengados desde que dichas cantidades le debieron haber sido correctamente abonadas y hasta su efectivo abono”.

2. Esta sentencia foi obxecto de aclaración en Auto de data 5 de outubro de 2023:

“Estimo la solicitud de rectificación de la sentencia de 1 de septiembre del 2023 dictada por este órgano jurisdiccional, presentada por la representación procesal del Concello de Vigo, corrigiendo su fundamento jurídico cuarto en el sentido expuesto y el fallo que en ese punto pasa a tener la siguiente redacción:

“Declaro la disconformidad a Derecho de esta resolución únicamente en lo que concierne al punto quinto de la propuesta que aprueba, relativa a la determinación de la tarifa del servicio regular de transporte urbano de viajeros en el año 2022, que se anula y revoca. Con condena del Concello de Vigo a efectuar en ejecución de la presente sentencia un recálculo de la estructura tarifaria, de acuerdo con la fórmula prevista en el art. 62.3 de los pliegos, con la única novedad respecto de las cifras resultantes en la resolución impugnada, de considerar que la variación del número de pasajeros ha sido de un 75%, con respecto al periodo comprendido entre el 1 de octubre y el 30 de septiembre del periodo 2020”.

Se mantienen invariables los demás pronunciamientos del fallo”.

3. A sentenza foi recorrida en apelación por “Viguesa de Transportes, SL”, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (recurso de apelación número 7178/2023). O fallo da sección 3 determina:

“Estimar en parte o recurso de apelación interposto pola representante procesal da sociedade mercantil “Viguesa de Transportes, SA”, contra a sentenza do titular do Xulgado do Contencioso-administrativo número 2 de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

Vigo de 01.09.23, que estimou en parte o recurso que interpuxo fronte ao acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de 07.04.22, sobre revisión das tarifas dos exercicios de 2021 e 2022, do contrato de transporte urbano colectivo de viaxeiros, que revogamos no que concierne á negativa a revisar a tarifa do ano 2021, de xeito que se condena a esa entidade local a calcular esa tarifa con arranxo á fórmula prevista na cláusula 62 do prego reitor, cos datos do período comprendido entre o 01.10.19 e 30.09.20 para todos os factores aí previstos, a excepción do número de viaxeiros, para o que se terá en conta o que vai desde o 01.10.18 ao 30.09.19, co pago da suma que resulte, cos seus intereses. Non se fai condena en costas”.

4. A Xunta de Goberno Local, na sesión do 6 de setembro de 2024, acordou:

“PRIMEIRO: PROPOSTA DE EXECUCIÓN DA SENTENZA: 00052/2024: en relación coa tarifa do ano 2021

Autorizar e dispoñer o gasto a favor da empresa Viguesa de transportes S.L. polo importe de 47.201,49 €. polo concepto CUSTE UNITARIO COCHE / QUILOMETRO, que xera un importe a favor do Concesionario de 44.276,05 €, do cal se derivan en concepto de intereses coa previsión de pago do 30/08/2024 un importe de 2.925,44 €.

O pagamento realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 4411/4700001 PassVigo subvención usuarios transporte urbano colectivo

SEGUNDO: PROPOSTA DE EXECUCIÓN DA SENTENZA: 00209/2023.- en relación coa tarifa do ano 2022:

Autorizar e dispoñer o gasto a favor da empresa Viguesa de transportes S.L. polo importe de 147.292,23 €, polo concepto da retribución polo PREZO UNITARIO BILLETE ORDINARIO, que xera un importe a favor do Concesionario de 138.214,55 €, do cal se derivan en concepto de intereses coa previsión de pago do 30/08/2024 un importe de 9.077,68 €.

O pagamento realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 4411/4700001 PassVigo subvención usuarios transporte urbano colectivo

TERCEIRO: PROPOSTA DE AXUSTE DOS CADROS DE AMORTIZACIÓN DERIVADOS DOS NOVOS CÁLCULOS TARIFARIOS DOS ANOS 2021 E 2022:

Aprobar a realización de axustes nos cadros de amortizacións sobre as revisións tarifarias dos anos 2021 e 2022 de conformidade co contido do informe proposta que antecede.

Dito axuste deberá de realizarse no proceso de aprobación da próxima revisión tarifaria (tarifa para o ano 2025), de acordo cos seguintes importes:

- Sobre a revisión tarifaria do ano 2021: A minoración da parte de tarifa aplicada a amortización do material móbil implica a necesidade de axustar o cadro de amortización atendendo a unha desviación (importe a*

recuperar incrementando a amortización pendente) en 521.985,19 € sobre o importe aplicado cos datos do ano 2021. Neste caso non existe variación sobre a amortización realizada sobre a parte dos terreos.

- *Sobre a revisión tarifaria do ano 2022: A proposta sobre o escenario (d) implica un lixeiro incremento da parte de tarifa aplicada a amortización do material móbil e sobre a amortización dos terreos, o cal implica a necesidade de axustar os cadros de amortización con diferenciais positivas de (importe a recuperar minorando as amortizacións pendentes); 109.732,66 € no apartado de amortización de flota e de 19.275,85 € no apartado de amortización de terreos”.*

5. Determinado o importe relativo a execución da sentenza, e aprobado este importe pola XGL, e polo Xulgado, o seu aboamento realizouse en data 26 de setembro de 2024, polo que a sentenza xa executouse.

6. A xefa do servizo de Transportes, en data 4 de setembro de 2024, remite dilixencia ao Sr. Interventor Xeral solicitando que se proceda a estudar e informar sobre a incidencia que ten o abono da sentenza, na contía da indemnización fixada no informe emitido por ese servizo na data 11/12 /2023 por un importe de 12.107.630,57 € e cal sería o importe resultante.

7. O Interventor Xeral, en data 2 de outubro de 2024, informa que:

“ (...) 3. Que as contas anuais dos exercicios 2020, 2021 e 2022 non se ven modificadas polas sentenzas ás que nos estamos a referir, xa que en virtude dos principios contables xeralmente aceptados, calquera impacto contable derivado da execución das sentenzas 00052/2024, en relación coa tarifa do ano 2021, e 00209/2023, en relación coa tarifa do ano 2022, debe de considerarse, salvo mellor parecer, na conta de explotación do exercicio no que se produza a firmeza da sentenza e integrarse, polo tanto, na conta de perdas e ganancias do exercicio 2024. Baixo esta consideración, o importe da compensación calculada non se vería afectada ao non modificarse as contas de perdas e ganancias dos exercicios citados.

4. Con todo, non resulta tampouco descartable interpretar que dado que o obxecto do expediente é a determinación do importe do reequilibrio económico e financeiro de VITRASA como consecuencia das perdas dos exercicios 2020, 2021 e 2022, e dado que as sentenzas refírense ao importe a aboar á concesionaria como consecuencia da revisión as tarifas dos exercicios 2021 e 2022, o importe definitivo do reequilibrio económico e financeiro de VITRASA como consecuencia das perdas dos exercicios 2020, 2021 e 2022 motivadas pola pandemia COVID-19 sexa o resultado de minorar o importe inicialmente calculado polo importe resultante da execución das sentenzas.

5. Expostas as lóxicas únicas dúas alternativas existentes neste intre, non pode substituír a opinión desta intervención o parecer do servizo xestor do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

expediente, a quen corresponderá, de forma debidamente motivada, formular a oportuna proposta de resolución ao órgano competente”.

8. En data 4 de outubro de 2024, a xefa do servizo de Transportes remite o expediente á área de Contratación e Novos Proxectos, xunto cun informe, no que, entre outros extremos manifesta:

“Por parte deste servizo compartese o criterio indicado pola Intervención Xeral, que non resulta tampouco descartable interpretar que dado que o obxecto do expediente é a determinación do importe do reequilibrio económico e financeiro de VITRASA como consecuencia das perdas dos exercicios 2020, 2021 e 2022, e dado que as sentenzas refírense ao importe a aboar á concesionaria como consecuencia da revisión das tarifas dos exercicios 2021 e 2022, o importe definitivo do reequilibrio económico e financeiro de VITRASA como consecuencia das perdas dos exercicios 2020, 2021 e 2022 motivadas pola pandemia COVID-19 sexa o resultado de minorar o importe inicialmente calculado polo importe resultante da execución das sentenzas

Polo exposto dende o Servizo de Transporte, enténdese que debense minorar do importe inicialmente proposto como reequilibrio da Concesión os importes netos (sen intereses), aboados por aplicación das sentenzas de revisión de tarifas dos anos 2021 e 2022”

-VIII-

En data 30 de outubro de 2024 evacouese trámite de audiencia a VITRASA sobre a presente proposta, que presentou escrito de alegacións o 4 de novembro.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

A concesión de transporte urbano colectivo de viaxeiros, adxudicada por acordo do Pleno do Concello de Vigo na sesión de data 16 de setembro de 1994 a Viguesa de Transportes, S.A., cualifícase como contrato de xestión de servizo público, sendo o seu obxecto *“a prestación do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral dentro dos límites xurisdicionais do Concello de Vigo”* (artigo 1 do PCAP).

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares, e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Decreto 923/1965, do 8 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de contratos do Estado (LCE).
- Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Contratación do Estado.
- Decreto do 9 de xaneiro de 1953 polo que se aproba o Regulamento de contratación das Corporacións Locais.
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais.

No entanto, é unánime a doutrina xurisprudencial que considera que con respecto ao procedemento que regula o exercicio das potestades do órgano de contratación no seo do contrato, neste caso o reequilibrio, a normativa de aplicación é a vixente no momento de exercitar a citada potestade, por aplicación das disposicións transitorias do Código Civil (Ditames 403/09, de 15 de decembro e 380/10, de 10 de novembro do Consejo Consultivo de la Comunidad de Madrid). Así o considera tamén a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, que na súa reunión do 13 de febreiro de 2019, acordou, por unanimidade, interpretar a Disposición Transitoria Primeira, número segundo, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, de 26 de febreiro 2014 (en adiante, LCSP) no sentido de que a remisión normativa cinguese aos aspectos substantivos da lei, regulándose os aspectos procedementais pola nova normativa, na medida en que o procedemento se inicie con posterioridade á entrada en vigor da mesma, segundo a liña marcada polo ditame do Consejo de Estado 3062/1998, do 10 de setembro, e o Ditame 403/2009 do Consejo Consultivo de Madrid, e consolidando a opinión exposta polo Consello no CCG 55/2019, que supuxo un cambio de criterio con respecto a un pronunciamento previo e puntual (CCG 250/2018).

Polo tanto, a normativa procedimental propia do reequilibrio do contrato é a prevista na nova LCSP.

-II-

Das consecuencias da crise xerada polo COVID-19

A Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 (COVID-19) como pandemia o 11 de marzo do 2020. O estado español, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declarou o estado de alarma por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

Durante o estado de alarma foron promulgadas diversas normas para facer fronte á situación de crise sanitaria, económica e social xerada pola pandemia. As relativas ao transporte incidiron fundamentalmente en dous aspectos: a limitación de pasaxeiros e a imposición de medidas de desinfección nos medios de transporte.

O Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 establece no artigo 34 medidas en materia de contratación pública. Entre elas, prevé a posibilidade de acordar o reequilibrio económico do contrato no caso de que as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou as Administracións locais para combater a situación creada polo COVID-19 afecten á execución dos contratos de concesión de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

obras ou servizos. Establece como premisa para a súa aplicación que o órgano de contratación, a instancia do contratista, aprecie a imposibilidade de execución do contrato (artigo 34.4). En aplicación deste precepto, esta Administración, no acordo da XGL de 18.12.20, declarou a imposibilidade parcial de executar o presente contrato durante o estado de alarma e, unha vez finalizado o mesmo, acordou o seu reequilibrio económico, conforme ao previsto no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, polo período comprendido entre o 16 de marzo e o 14 de xuño de 2020, modificando o seu réxime económico mediante o establecemento dunha compensación económica única a aboar ao concesionario por un importe de 2.194.963,56 euros.

No entanto, unha vez rematado este primeiro estado de alarma o certo é que continuaron as medidas restritivas de aforo de pasaxeiros e a imposición de medidas de desinfección e limpeza extraordinarias.

O Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, declarou un novo estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-COV-2.

Esta norma, no seu artigo 2, designa como autoridade competente aos efectos do estado de alarma ao Goberno da Nación, e como autoridades competentes delegadas nas comunidades autónomas e cidades con Estatuto de autonomía, aos presidentes das mesmas.

As autoridades competentes delegadas foron habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, *“las órdenes, resoluciones y disposiciones para la aplicación de lo previsto en los artículos 5 a 11”*. Estes artigos regulan medidas relativas á limitación da liberdade de circulación das persoas, a permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados así como a posibilidade de esixir a *“realización de las prestaciones personales obligatorias que resulten imprescindibles en el ámbito de sus sistemas sanitarios y sociosanitarios para responder a la situación de emergencia sanitaria que motiva la aprobación de este real decreto”*.

En aplicación desta normativa, e para frear o avance da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comunidade autónoma, o Presidente da Xunta de Galicia, na súa condición de autoridade competente delegada, emitiu varios decretos adoptando medidas específicas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, as cales implicaron redución de aforo nos autobuses do transporte urbano e medidas de limpeza e desinfección extraordinarias

Para compensar as mesmas, o Real Decreto 407/2021, de 8 de xuño, regula a concesión directa de subvencións a favor das entidades locais que prestan o servizo de transporte público. En cumprimento do mesmo, a XGL, en data 30 de xuño de 2021 acordou outorgar unha compensación económica a Viguesa de Transportes, S.L. (VITRASA), *“polo impacto ocasionado pola redución de ingresos do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros por mor da pandemia do COVID-2019, por un importe de 3.502.120,64 euros”*. Aclarando que *“sen prexuízo de que se procedese no futuro o reequilibrio da concesión e resultase a obriga de compensar economicamente á concesionaria, deducirase o importe xa abonado por mor da perda de ingresos derivados da pandemia do COVID-2019 e da suspensión do servizo”*.

As medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 en relación co transporte urbano colectivo de viaxeiros estenderonse ao logo do tempo ata que por Real Decreto 65/2023, de 7 de febreiro, se elimina o uso obrigatorio de mascarar nos medios de transporte.

-III-

Da ruptura do equilibrio económico da concesión

A requirimento desta Administración, VITRASA presentou un informe de experto independente, NOVADAYS, sobre a rendibilidade da concesión, no que pon de manifesto a ruptura do equilibrio económico da concesión. Parte do análise da concesión *“a través de un modelo económico-financiero que permita evaluar la existencia o non de una pérdida de rentabilidad para todo el período de la concesión. Procederemos por tanto a calcular, según se nos ha requerido, los flujos de caja libre de la concesión, y su correspondiente VAN (Valor Actualizado Neto) y TIR (Tasa Interna de Rentabilidad) bajo dos supuestos: a) SIN PERDIDA DE INGRESOS y b) CON PERDIDA DE INGRESOS”*.

Para avaliar os datos recollidos neste informe esta Administración procedeu a contratación dun perito independente, SEIXAS CONSULTORA, que analiza, tanto a metodoloxía empregada como os resultados do mesmo.

A xuízo de Francisco Xavier Martínez Cobas, profesor titular de Economía Financeira e Contabilidade da Universidade de Vigo- SEIXAS CONSULTORA-, o informe da adxudicataria adoece de erros, tales como que:

“O informe recolle os compromisos de execución dos investimentos, pero non inclúe os gastos financeiros nin as amortizacións derivados destes, agás nun caso concreto, comentado no apartado 3.3 do informe (pagamento de impostos). Fundamentan esta decisión no seguinte:

“...dichos pliegos no contemplan una especificación respecto a la fuente de financiación, quedando por tanto a facultad de VITRASA la obtención de los fondos necesarios para la realización efectiva de las inversiones comprometidas.”

Esta elección, na nosa opinión, é cuestionable:

En primeiro lugar, porque desvirtúa conceptualmente dous modelos (VAN e TIR), que se fundamentan no emprego de fluxos de caixa (cash flow), isto é, das cadeas de cobros e pagamentos e do valor do diñeiro no tempo. A substitución da cadea de pagamentos dos investimentos realizados, polo compromiso dos investimentos, provoca unha alteración nos resultados do modelo.

Nunha concesión como a que nos ocupa, os vehículos de transporte son financiados. O primeiro compromiso de investimento, por exemplo, prodúcese no intre inicial, pero os pagamentos derivados dese investimento son posteriores, ata o remate do financiamento do vehículo. Dentro do VAN e da TIR, son esas cadeas de pagamentos as que deben figurar nos cálculos, dado que os compromisos de investimento son previos.

As consecuencias son as seguintes:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

- *No VAN, dependendo do cálculo do custe de capital empregado, as diferenzas entre este e o custe da débeda para financiar os vehículos (e o inmovilizado financiado, en xeral), determinarán diferenzas no cálculo do VAN.*
- *Na TIR, o emprego dese criterio modifica automaticamente o resultado, reducíndoa, posto que sitúa en anualidades previas desembolsos posteriores.*

En segundo lugar, o feito de que nos pregos se deixe a facultade da concesionaria o modo de financiar o investimento, non invalida o feito de que a mesma concesionaria, na documentación económica presentada para obter a concesión, detalla no apartado terceiro desa memoria económica o “Desglose de partidas que integran la oferta económica”, e dentro destas, os investimentos a realizar, co seu financiamento, taxas de xuro, gastos financeiros estimados medios e amortizacións correspondentes.

3. O informe non ten en consideración os valores residuais de todo o inmovilizado, e en particular da frota de vehículos, ao remate do período de prórroga (2025). Este criterio xustifícase do modo seguinte:

“No se han considerado los efectos que sobre la explotación tendría la finalización de la concesión, debido al total desconocimiento sobre ello, ya que según el pliego el propio Concello podría decidir renovar la concesión por un nuevo período de 5 años, podría licitar nuevamente la concesión, y en caso de no ser VITRASA la nueva adjudicataria, la nueva sociedad explotadora debería liquidar a VITRASA la amortización técnica pendiente, o bien asumirlo el propio Concello, o incluso pedir a VITRASA que asume el coste de dichos equipos y los retire de la explotación. Cualquiera de las hipótesis solo consigue desvirtuar el objetivo principal de este análisis.”

Na nosa opinión, se algo desvirtúa o obxectivo dunha análise de VAN e TIR é ignorar que, en calquera das fórmulas que se citan, Vitrasa percibe un cobro polo valor residual da frota, ou en todo caso dispón dela para o seu uso alternativo ou alleamento, o que tamén implica cobros. Incluír o investimento en novos vehículos, mesmo en período de prórroga, e ignorar en cambio o cobro que se derive do seu valor residual neto, supón un nesgo á baixa nas estimacións dos resultados.

A combinación do apartado anterior, xunto con este, leva ao feito de que, se entra un novo vehículo en funcionamento en 2024, figura o seu investimento totalmente nese exercicio, aínda que só se produce o pagamento da primeira anualidade, e logo non figura o cobro do seu valor residual neto en 2025.

4. O cómputo dos investimentos que se emprega no informe presentado pola concesionaria ten en consideración algúns conceptos que non se corresponden co investimento comprometido na proposta económica. A cuestión, neste sentido, ven dada polas diferencias xurídicas, contables e mesmo semánticas do concepto de investimento. A solicitude dos redactores deste informe, Vitrasa facilitou un desglose íntegro da composición deste investimento. Aínda que a maior parte está vinculada aos investimentos comprometidos na oferta económica, a consideración ou non dalgunhas partidas menores podería afectar lixeiramente aos cálculos de VAN e TIR. En

calquera caso, ao que non afecta é ao obxecto deste informe, polo que non se van a ter en consideración cambios sobre o presentado.

5. O cálculo da taxa de desconto

Para a determinación da taxa de desconto, o informe considera que:

“Entendemos desde NOVADAYS que dicha tasa de descuento debe ser contextualizada en el momento de la decisión de inversión, esto es 1994, que es cuando se presenta la oferta por parte de VITRASA...”

Posteriormente, calcula a taxa de rendemento empresarial “que equivaldría a la rentabilidad que se le exigía al capital invertido en 1994”. A esta taxa de rendemento empresarial, engádenlle o diferencial de risco país, do que obteñen unha taxa de desconto do 11,79%. No que toca á determinación do período de cálculo, cabe indicar que a taxa de desconto é un concepto dinámico, e que pode ser interpretado non como un valor puntual, ao comezo dun período concesional, senón como un valor cambiante ao longo da duración dos proxectos de investimento. En todo caso, a efectos de simplicidade, emprégase ás veces o cálculo do factor de desconto de modo uniforme, ou partindo do primeiro exercicio.

Agora ben, no que se corresponde co concepto de taxa de desconto para o VAN, entendemos que a elección da taxa de rendemento empresarial non é un criterio apropiado para determinar a taxa de desconto, sen entrar na fórmula empregada para a súa obtención.

O cálculo da taxa de desconto do VAN, conceptualmente, debe entenderse coma o custe de capital medio ponderado no que incorre a empresa para realizar o investimento comprometido, non como a taxa de rendemento empresarial en condicións de mercado.

A discordancia é relevante. Se aceptarmos o cálculo coma taxa de rendemento empresarial, significaría que un investimento que dera un retorno anual de mercado, (estimado nese informe nun 11,79%), daría un VAN de 0 €, posto que a taxa de rendemento esixida equivalería ao custe de capital medio ponderado da empresa.

En consecuencia, por exemplo, unha empresa que obtivera un 11% de retorno medio anual durante toda a vida da concesión, e que financiara o total do investimento a un custe medio ponderado do capital do 7%, tería un VAN negativo, cando é obviamente positivo. O concepto a empregar é outro.

Dado que, ademais, como se indicou anteriormente, a concesionaria presentou na documentación económica o investimento a realizar, acompañado do custo financeiro de cada un deses investimentos, neste informe procederase posteriormente a empregar unha estimación alternativa, fundamentada na propia oferta de Vitrassa.

Resultados e conclusións

A partir do anterior, e condicionado pola metodoloxía e as hipóteses utilizadas, o informe realiza os cálculos para a determinación do VAN e da TIR da vida da concesión ao longo dos trinta anos.

Para o escenario sen impacto da pandemia, o resultado é un VAN negativo, por importe de -11.298.686 €, e unha TIR do 3,92%.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

Para o escenario con impacto da pandemia, o resultado é un VAN negativo, de importe maior do que anterior, por -12.711.140, e unha TIR que non se pode calcular matematicamente, coma resultado dos últimos anos da concesión cunha estimación de fluxos de caixa negativos.

De todo o anterior, os autores do informe derivan catro conclusións:

1.- A construción dun modelo válido, con información obxectiva, baseada nas contas auditadas anuais e na serie histórica, e con hipóteses de traballo para o período a proxectar válidas e fiables

2.- A análise de rendibilidade da concesión, baixo o suposto sen Covid-19, ofrece unha evolución inicial baixa, recupera niveis de TIR ao redor do 5% en 2020, e baixa algo de novo en 2025, a niveis do 3,92%.

3.- A análise da rendibilidade da concesión, baixo a realidade da pandemia e as estimacións posteriores, non permite o cálculo da TIR.

4.- O efecto da pandemia sobre as contas de explotación, dende 2020 é relevante e significativo, e “provoca un desequilibrio económico en la explotación, alterando de maneira drástica la rentabilidad de la concesión.”

O citado informe pericial, unha vez aclarados os erros dos que adoece na súa opinión o presentado por VITRASA, realiza unha análise alternativa, advertindo de que a oferta da concesionaria non presenta un plan económico financeiro, cunha referencia máxima e mínima á taxa de rendibilidade. Para suplir esta carencia utiliza a información facilitada na oferta económica.

En primeiro lugar analiza a estimación das contas de explotación baixo os dous supostos:

- O que podería ter sido a evolución das contas sen pandemia
- Unha estimación do que pode ser na situación actual, e ata o final da concesión.

Para os datos previos á data actual, parte da información oficial das contas auditadas da concesionaria.

Tras a realización da análise de ambos escenarios, o informe conclúe que:

“A concordancia co informe da concesionaria é parcial. Algunhas das hipóteses empregadas no informe e tamén algunhas das conclusións son diverxentes, e condicionan ou producen un nesgo negativo nas estimacións. En particular, a máis relevante é que as estimacións dos criterios do VAN e da TIR sen efecto da pandemia dan resultados positivos na estimación realizada.

Por outra banda, e en resposta ao obxecto deste informe, as estimacións confirman que con posterioridade á aparición da pandemia prodúcese un desequilibrio económico financeiro no conxunto da vida da concesión, no que concordamos co informe da concesionaria. Isto conduce a un VAN negativo, aínda que de diferente importe do estimado, e a unha TIR negativa (imposibilidade de cálculo da TIR, no informe presentado pola concesionaria). A Covid-19 supón unha continxencia relevante que produce unha ruptura substancial na concesión. Unha prestación que manteña a situación en perdas

durante os últimos seis anos pode producir unha certa inviabilidade do servizo.

Por último, o emprego dunha maior información, utilizando os fluxos de caixa derivados dos investimentos, permitiría unha cálculo máis apropiado de VAN e TIR, pero non condicionaría a opinión do informe, confirmando o desequilibrio provocado”.

Sobre este informe pericial o sr. Interventor Xeral, na súa función de asesoramento ou consultoría (artigo 4 do Real Decreto 128/2018), emite un informe no que conclúe que:

“Primeiro.- O informe emprega o método do Valor Actual Neto (VAN) e o método da Taxa Interna de Rendibilidade (TIR) do total da vida útil da concesión que, a priori, son os dous métodos máis importantes que teñen en conta o valor tempo do diñeiro e que determinan con maior exactitude a viabilidade e rendibilidade dun investimento.

Segundo.- Para a determinación da posible existencia dun desequilibrio económico financeiro no conxunto da vida da concesión como consecuencia da aparición da pandemia da COVID-19, o estudio realiza unha comparación do VAN e do TIR dos dous escenarios a considerar, rendemento da concesión con COVID (que afecta ao período 2020-2025), e sen COVID.

Terceiro.- Para os datos previos á data do estudio, parte da información oficial das contas auditadas da concesionaria, que xa deberan ter sido validados previamente polo servizo xestor, polo que se presumen correctos. Para a estimación dos ingresos e os gastos posteriores á data do estudio (2023 a 2025) emprega o crecemento medio anual dos ingresos e os gastos durante a vida da concesión para o período anterior á pandemia. Para a estimación dos ingresos e os gastos baixo unha hipótese sen COVID (2020 en diante) emprega métodos estadísticos baseados nas series históricas.

Neste sentido, compártese que os métodos estadísticos resultan os máis axeitados para a determinación destas variables dunha forma sinxela.

Cuarto.- A taxa de desconto do 5,46% empregada no informe para a determinación do VAN coincide coa calculada co método WACC que pondera o custo da débeda e o custo dos recursos propios.

Quinto.- En definitiva, o funcionario que subscribe considera que baixo os métodos, consideracións e hipóteses tidas en conta no “Informe de impacto da crise da COVID-19 na concesionaria Viguesa de Transportes S.L. e as consecuencias sobre ou dereito ao equilibrio económico dá concesión” (en diante, informe) elaborado por Seixas Consultora o 16 de novembro de 2022 e asinado por D. Francisco Xavier Martínez Cobas, profesor titular de Economía Financeira e Contabilidade da Universidade de Vigo, as conclusións do citado informe son acertadas”.

Á vista dos citados informes incorporados ao expediente podemos considerar que existe unha ruptura do equilibrio económico da concesión. Agora procede determinar se esta Administración ten a obriga de reequilibrar a concesión, o procedemento para facelo e o importe, no seu caso, do reequilibrio.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

-IV-

Da procedencia do reequilibrio da concesión

É principio tradicional na nosa lexislación de contratos que a execución do contrato se realizará a risco e ventura do contratista.

O principio de risco e ventura, con relación a concesión de servizos, está recollido no artigo 66 da LCE segundo o cal *“La contratación de la gestión de los servicios públicos adoptará cualquiera de las siguientes modalidades: a) Concesión, por la que el empresario gestionará el servicio a su riesgo y ventura”*. Este principio non ten máis excepcións que as que eventualmente estivesen previstas no propio prego ao amparo da liberdade de pactos que establece o artigo 3 da citada lei. Este principio é consecuente coa configuración da obriga do contratista como unha obriga de resultado e as únicas excepcións a súa aplicación previstas na nosa lexislación son: os supostos de forza maior recollidos no artigo 46 da LCE (aplicable por remisión do artigo 67 LCE) e a ruptura do equilibrio económico do contrato nos contratos de concesión de obra pública ou xestión de servizos. Non esquezamos que, tanto a lexislación contractual, como o regulamento de servizos das corporacións locais, establecen a obriga da administración contratante de manter o equilibrio económico das concesións. Así, establece o artigo 127.2 do RSCL que:

“2. La Corporación concedente deberá:

2.º Mantener el equilibrio financiero de la concesión, para lo cual:

b) revisará las tarifas y subvención cuando, aun sin mediar modificaciones en el servicio, circunstancias sobrevenidas e imprevisibles determinaren, en cualquier sentido, la ruptura de la economía de la concesión.”

E esta mesma norma, no artigo 128.3.2º reconece entre os dereitos do concesionario *“2.º Obtener compensación económica que mantenga el equilibrio financiero de la concesión en los casos en que concurra cualquiera de las circunstancias que se refieren los números 2.º, 3.º y 4.º del párrafo 2 del artículo anterior”*.

O PCAP que rexe o presente contrato establece na cláusula 15.1, entre as obrigas do concello, *“Mante-lo equilibrio económico da concesión na forma prevista no prego”*.

A regra do equilibrio financeiro do contrato de concesión fundaméntase na esixencia dunha remuneración suficiente do concesionario, o que habilita o reaxuste das contraprestacións cando circunstancias sobrevindas e imprevisibles incidan na economía da concesión. Esta obriga deriva da consideración do concesionario como un coadxuvante á consecución do interese público subxacente na concesión, cal é a prestación do servizo público obxecto da mesma. Razón pola que nestes contratos, que ademais implican prestacións directas a favor dos cidadáns, rexe o principio de continuidade na prestación do servizo. Establece neste senso o artigo 128.1 do RSCL a obriga do concesionario de seguir prestando o servizo incluso no caso de que *“circunstancias sobrevenidas e imprevisibles ocasionaren una subversión en la economía de la concesión”*.

Segundo a doutrina xurisprudencial o risco e ventura do contratista ofrecen na linguaxe xurídica e gramatical a configuración da expresión "risco", como continxencia ou proximidade dun dano, e "ventura", como palabra que expresa que unha cousa expónse á continxencia de que suceda un mal ou un ben, de todo o cal infírese que é principio xeral na contratación administrativa, que o contratista, ao contratar coa Administración, asume o risco derivado das continxencias que se definen na Lei de Contratos, e baséase na consideración de que a obrigaón do contratista é unha obrigaón de resultados, contraposta á configuración da obrigaón de actividade ou medial (por todas sentenzas do TS de 14 de maio de 2001). Neste senso sinala a sentenza da Audiencia Nacional, Sala do Contencioso-administrativo, Sección 8ª, de 31 de outubro de 2006 que "(...) *ello implica que si por circunstancias sobrevenidas se incrementan los beneficios del contratista derivados del contrato de obra sobre aquellos inicialmente calculados, la Administración no podrá reducir el precio, mientras que si las circunstancias sobrevenidas disminuyen el beneficio calculado o incluso producen pérdidas serán de cuenta del contratista sin que éste pueda exigir un incremento del precio o una indemnización. Sin embargo la Ley establece que este principio de riesgo y ventura tiene como excepción los supuestos de fuerza mayor*".

Habendo establecido tamén a xurisprudencia que "a canle indemnizatoria prevista na Lei de Contratos do Estado parte da idea de culpabilidade, negligencia ou incumprimento das súas obrigaóns imputable á Administración, rexendo supletoriamente os artigos 1105 e 1124 do Código Civil, polo que si non existe esta culpabilidade da Administración -e salvo os casos de forza maior- toda actuación allea ás partes cae dentro dos riscos imprevisibles que debe asumir o contratista, en virtude do principio de risco e ventura establecido no artigo 99 da Lei de 1995, que debe incluír os actos de terceiro" (SSTS de 31 de outubro de 2000).

No entanto, esta postura foi modulándose e na actualidade podemos falar dunha consolidada doutrina xurisprudencial e dos órganos consultivos en materia de contratación, que matiza a aplicación do principio de risco e ventura. A describe o Dictame do Consejo Consultivo de Aragón nº 52/2013, de 30 de abril de 2013, ao dicir que "por vía jurisprudencial se haya introducido la doctrina sobre la *equivalencia de las prestaciones fundamentada, de una parte, en el principio de buena fe (art 7 CC, art. 1258 CC) y en la prohibición de que el cumplimiento del contrato quede abandonado al arbitrio de una de las partes contratantes (art. 1256 CC) y, de otra parte, en la "Cláusula Rebus Sic Stantibus" (mientras las circunstancias permanezcan), como un instrumento para intentar paliar las consecuencias derivadas del desequilibrio patrimonial producido por la alteración de las circunstancias contractuales, entendiendo que todo contrato, fundamentalmente los de larga duración, aun cuando no se diga expresamente, contiene una cláusula oculta, que en definitiva establece que las obligaciones derivadas de ese contrato son válidas y vinculan a las partes, solo en tanto se mantengan las circunstancias iniciales en que se sustentó el contrato (contractus qui habent tractum succesivum vel depend entiam de futuro rebus sic stantibus intelligitur)*". Nesta liña ten dito o TS que manter o equilibrio económico "es además una exigencia de lealtad y buena fe que debe inspirar con especial intensidad las relaciones de colaboración entre la administración y el concesionario" (sentenza de 2 de decembro de 1988).

No mesmo senso, a STS de 15 de febreiro de 2012 di que "el principio de riesgo y ventura, a que ha de someterse el contratista ex art. 98 de la LCAP, ha de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

cohonestarse con la necesidad de mantener el equilibrio financiero de la concesión otorgada. En efecto, todo contrato genera unos derechos y obligaciones por las partes que lo conciertan de forma que esos efectos han de permanecer invariables e inalterables conforme a lo dispuesto en los artículos 1254 y siguientes del Código Civil. Ahora bien, cuando se concierta un contrato de ejecución de obra y el contratista se obliga a la ejecución de los trabajos bajo el principio de riesgo y ventura, esa inalterabilidad de los efectos derivados del contrato, presenta como excepción el supuesto o existencia de fuerza mayor. Y así lo contemplaba el artículo 144 del Real Decreto Legislativo 2/2000 aplicable al supuesto de autos more tēporis y el vigente artículo 214 de la ley 30/2007 reguladora de la Ley de Contratos del Sector Público. En definitiva, la concertación de un contrato bajo el principio de riesgo y ventura supone la asunción de la obligación por parte del contratista de los riesgos y posibilidad de pérdida, salvo ante el supuesto de existencia de fuerza mayor. Ahora bien, el principio de riesgo y ventura tiene también sus límites, derivados del principio de mantenimiento de equilibrio económico-financiero, y esos límites surgen cuando en el supuesto en concreto surge un riesgo anormal o desmesurado no causado por el contratista y que no puede ser indemnizado por los mecanismos propios de compensación previstos en el contrato concertado. Dicho de otra forma, cuando por causa de modificaciones introducidas por la Administración que incrementan el coste de la obra, o cuando se producen situaciones sobrevenidas que rompen la proporcionalidad de la relación ingresos-costes, es cuando, si no existen mecanismos de compensación ya previstos en el contrato, debe procederse a la restitución del equilibrio económico financiero de aquel, para garantizar la Administración la indemnidad del contratista ante esa situación. La regulación del equilibrio económico financiero se contempla en el artículo 248 del RD Legislativo 2/2000 y deberá tenerse en cuenta el interés general y el del concesionario conforme a lo señalado en dicho artículo”.

O a Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado, no seu Informe nº 38/2020, de 30 decembro, ao dicir que “en nuestro ordenamiento jurídico ha sido tradicional establecer unas excepciones tasadas a esa aleatoriedad de los contratos públicos, consistentes en reequilibrar la ecuación financiera del contrato únicamente cuando se ha producido una ruptura de la misma por causas imputables a la Administración (ius variandi o factum principis), o por hechos que exceden de la normal “alea” del contrato por ser reconducibles a los conceptos de fuerza mayor o riesgo imprevisible”.

De acordo con esta xurisprudencia e doutrina consultiva, o principio de risco e ventura cedería en caso de risco imprevisible ou de factum principis. Analizaremos a continuación o concepto e requisitos necesarios para a aplicación destas excepcións.

A **teoría do risco imprevisible** (cláusula rebus sic stantibus, “mentres continúen así as cousas”) refírese a situacións económicas de excepción, nas que prodúcese un desequilibrio económico de tal magnitude que o cumprimento polo contratista das súas obrigas pode devir excesivamente oneroso. Representa unha excepción a regra pacta sunt servanda, que determina a obrigatoriedade do cumprimento dos contratos. Implica que, no caso de aparición de circunstancias extraordinarias que reverten a base do negocio e o fan mais oneroso para unha das partes, deberá realizarse un reequilibrio das prestacións contractuais, para situar de novo a ambas

partes en pe de igualdade e evitar así que unha delas se beneficie da situación xerada polas citadas causas, tal e como predica a doutrina da equivalencia das prestacións das partes. A súa aplicación se basea no principio de exercicio dos dereitos conforme as esixencias da boa fe, recollido no artigo 7.1 do Código Civil, así como no artigo 1258 do mesmo corpo legal, que determina que os contratos unha vez perfeccionados polo consentimento das partes, obrigan, non so ao cumprimento do expresamente pactado, senón tamén a todas as consecuencias que, segundo a súa natureza, sexan conformes á boa fe, ao uso e a lei.

A súa aplicación require a concorrencia dos seguintes requisitos:

- Que se trate dunha alteración sobrevida, extraordinaria e imprevisible, de xeito que o contratista non puído prevela, incluso empregando unha dilixencia maior da esixible.
- A alteración non debe ser imputable a ningunha das partes.
- Debe existir unha desproporción obxectiva e evidente, extraordinaria e non xustificada, das prestacións das partes.
- O principio de mantemento do equilibrio económico non debe desprazar totalmente o principio de risco e ventura que asume o concesionario. Ilo implica, por un lado, que non se pode indemnizar a perda de beneficios, e por outro, que hai que realizar un reparto proporcional das perdas entre a administración e o concesionario. Así, determina a STS de 27 de abril de 1986 que *“(...) el desequilibrio producido por causas sobrevenidas e imprevisibles ajenas a la conducta de las partes, que ponen en peligro la supervivencia del servicio público por ruptura de la economía de la concesión, en cuyo caso la compensación debida al concesionario debe ir dirigida al mantenimiento del servicio mediante la distribución proporcional y razonable de las pérdidas entre ambos contratantes, de tal modo que la cuantía de la compensación no sea tan escasa que la haga ineficaz para impedir la ruina de la concesión ni tan excesiva que desplace el riesgo normal de la Empresa a la Administración concedente, imponiendo a ésta un auténtico seguro de beneficios mínimos o un resarcimiento de todos los perjuicios sufridos”*.
- Deberá existir unha relación de causalidade entre a desproporción exorbitante das prestacións e a alteración das circunstancias.
- A aplicación da cláusula rebus sic stantibus é subsidiaria. So se pode empregar en defecto de calquera outros medios para reequilibrar o contrato.

Atopamos unha definición desta teoría no Ditame do Consejo Consultivo de Aragón nº 24/2013, de 25 de novembro de 2013 *“El restablecimiento del equilibrio de las prestaciones se configura, por tanto, como la técnica que permite devolver a las partes a la situación inicial, cuando, durante la ejecución del contrato, falla el reparto de riesgos pactado. No hay, en todo caso, una modificación de las condiciones de explotación, sino un ajuste de las mismas a una realidad fáctica o jurídica no prevista, que inaplica la regla del pacta sunt servanda (estar a lo pactado) y que obliga a, sin alterar la idea del riesgo, limitar éste cuando es claramente desproporcionado”*.

Esta técnica inicialmente configurouse con carácter excepcional, tal e como establece a Sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Cantabria de 29 de abril de 1997 *“es una fórmula excepcional que debe combinarse con el principio de riesgo y*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

ventura al objeto de impedir que esa excepcionalidad se convierta en una garantía ordinaria de los intereses del concesionario a modo de seguro gratuito que cubra todos los riesgos de la empresa trasladándolos íntegros a la res pública en contra de lo que constituye la esencia misma de la institución y sus límites naturales”.

A sentenza do Tribunal Supremo STS 333/2014, de 30 de xuño de 2014, implica un cambio da doutrina xurisprudencial referida no senso de:

- Deixar de considerar a súa aplicación excepcional e normalizar o problema da alteración sobrevida de circunstancias, dándolle encaixe na teoría xeral do contrato, en aplicación do principio de boa fe e da regra da conmutatividade do comercio xurídico. Segundo esta regra, *“todo cambio de bienes y servicios que se realice onerosamente tiene que estar fundado en un postulado de conmutatividad, como expresión de un equilibrio básico entre los bienes y servicios que son objeto de intercambio”.*
- Obxectivando o seu fundamento técnico, mediante a aplicación da doutrina da base do negocio para xustificar a excesiva onerosidade das prestacións para unha das partes. A incidencia da excesiva onerosidade debe ser relevante ou significativa respecto da base económica que informou inicialmente o contrato.

Polo tanto, para aplicación desta cláusula é necesario que a incidencia da excesiva onerosidade sexa relevante ou significativa respecto da base económica que informou inicialmente o contrato. Este feito se produce cando:

- A excesiva onerosidade operada por dicho cambio resulte determinante tanto para a frustración da finalidade económica do contrato (viabilidade do contrato).
- Representa unha alteración significativa ou ruptura da relación de equivalencia das contraprestacións (conmutatividade do contrato). Neste caso, caben dúas hipóteses:
 1. Que a excesiva onerosidade reflicta un substancial incremento do custo da prestación que a fai inviable economicamente por implicar unha situación de perdas (imposibilidade económica).
 2. Que a excesiva onerosidade represente unha diminución ou envilecemento do valor da contraprestación recibida (falta do carácter retributivo da prestación).

Efectivamente, sinala a citada sentenza que:

“A). La base económica del contrato, como parámetro de la relevancia del cambio, esto es, de la excesiva onerosidad, permite que en el tratamiento de la relación de equivalencia sea tomada en cuenta la actividad económica o de explotación de la sociedad o empresario que deba realizar la prestación comprometida.

B). Desde esta perspectiva parece razonable apreciar la excesiva onerosidad en el incremento de los costes de preparación y ejecución de la prestación en aquellos supuestos en donde la actividad económica o de explotación, por el cambio operado de las circunstancias, lleve a un resultado reiterado de

pérdidas (imposibilidad económica) o a la completa desaparición de cualquier margen de beneficio (falta del carácter retributivo de la prestación).

C). En ambos casos, a causa de la tipicidad contractual de la figura, el resultado negativo debe desprenderse de la relación económica que se derive del contrato en cuestión, sin que quepa su configuración respecto de otros parámetros más amplios de valoración económica: balance general o de cierre de cada ejercicio de la empresa, relación de grupos empresariales, actividades económicas diversas, etc”

A **doutrina do “factum principis”**, segundo o Ditame 31/1992, de 13 de febreiro, do Consejo de Estado *“alude a intervenciones administrativas de tipo general no exclusivamente referidas a un contrato, pero que implican un cambio en las condiciones externas de la ejecución del contrato, y son una fuente de responsabilidad extracontractual liquidable en el seno del contrato”*. Atopamos unha definición do mesmo no Dictame número 3.725, de 12 de novembro de 1948, repetida en numerosos ditames posteriores ata a actualidade, segundo o cal *“existe «factum principis» cuando la Administración está vinculada con un particular y lesiona la materia económica sinalagmáticamente acordada a través de un acto propio, nacido del poder general del «imperium»* (Ditame do Consejo de Estado, expediente 31/1992). O Tribunal Supremo considera (STS de 25 de abril e de 20 de decembro de 1986), necesario para que se de o nacemento do dereito indemnizatorio nestes casos, que ha de tratarse de medidas imperativas e de obrigado cumprimento, que reúnan as características de xeneralidade e imprevisibilidade e que produzan un dano especial ao contratista para dar lugar a súa compensación. Se ben o criterio máis recente da Xurisprudencia avoga por considerar que as intervencións administrativas que desequilibran o contrato distintas do exercicio do ius variandi deben proceder da propia administración contratante. Nesta liña, establece a STS 3125/2011 ditada no recurso 566/2008 *“una cosa es que la Administración concedente deba responder por lo que ya existe y es conocido en el momento de convocar el concurso, pues forma parte de la realidad en la que va a insertarse la concesión, y otra, bien distinta, que deba responder por decisiones posteriores de otros sujetos”*.

Do exposto, despréndese que o “factum principis” debe reunir os seguintes requisitos:

- Ha de tratarse de medidas imperativas e de obrigado cumprimento, que reúnan as características de xeneralidade e imprevisibilidade e que produzan un dano especial ao contratista.
- Debe ser imputable á propia Administración contratante.
- Trátase dun suposto claramente excepcional.

No caso que nos ocupa, se ben na normativa aprobada con ocasión do COVID impuxéronse limitacións de aforo e obrigas extraordinarias de limpeza e desinfección ao transporte público, o certo é que proceden de autoridades diferentes á administración contratante, polo que non procede a aplicación do factum principis e o reequilibrio deberá apoiarse no risco imprevisible. Ademais hai que ter en conta que unha vez cesou a situación xerada pola pandemia a concesión de transporte non recuperou o nivel de usuarios previo á mesma.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

Cúmprese neste caso os requisitos esixidos para a súa aplicación:

- A pandemia xerada polo COVID tivo un impacto moi significativo na mobilidade urbana e especialmente no transporte urbano colectivo de viaxeiros. Esta é unha circunstancia que o contratista non puído prever, incluso empregando unha dilixencia maior da esixible.
- Existe unha desproporción obxectiva e evidente, extraordinaria e non xustificada. Tal e como se recolle no informe pericial citado *“La Covid-19 supone una contingencia relevante que produce una ruptura substancial en la concesión”*.

Roto o equilibrio económico da concesión por causas sobrevidas e imprevisibles é preciso acudir en axuda do concesionario por canto non poden recaer os prexuízos xerados por esta situación nunha soa das partes contratantes.

En canto a forma de reequilibrar os contratos, nin a normativa contractual nin a relativa aos servizos públicos son moi precisas. Da xurisprudencia e da doutrina dos órganos consultivos dedúcese que caben as seguintes posibilidades:

1. Incremento do prazo da concesión.
2. Modificación do réxime económico da mesma. Esta última a súa vez pode realizarse mediante:
 - Diminución do canon.
 - Modificación da retribución a abonar pola administración ao concesionario.
 - Incremento das tarifas que aboan os usuarios.
 - Achega económica da Administración.

Esta doutrina ten sido positivizada e na actualidade a LCSP regula o restablecemento do equilibrio económico das concesións nos artigos 270.3 e 290.5 en relación as concesións de obras e servizos respectivamente. Ambos preceptos recollen as formas de reequilibrado citadas con unha redacción case idéntica *“Estas medidas podrán consistir en la modificación de las tarifas a abonar por los usuarios, la modificación de la retribución a abonar por la Administración concedente, la reducción del plazo de la concesión y, en general, en cualquier modificación de las cláusulas de contenido económico incluidas en el contrato. Asimismo, en los casos previstos en la letra b) (actuacións da administración concedente) y en el último párrafo del apartado anterior (causas de forza maior), podrá ampliarse el plazo del contrato por un período que no exceda de un 15 por ciento de su duración inicial, respetando los límites máximos de duración previstos legalmente”* (artigo 290.5 LCSP).

VITRASA en escrito de 23 de maio de 2022 (código de solicitude W698360-5993) solicitou a modificación do contrato por causas imprevisibles, amparándose no artigo 205 da LCSP. A modificación que propón consiste en *“acordar que el régimen económico del Contrato pase a configurarse, desde el año 2022, como un precio por kilómetro, en lugar del precio por viajero que, con carácter general, resulta aplicable según los Pliegos, de tal manera que, al menos, puedan cubrirse los costes reales de*

explotación del servicio, de acuerdo con la Cuenta Anual de Pérdidas y Ganancias auditada”.

Con ela o concesionario parece optar pola modificación do réxime económico da concesión. No entanto, con respecto a esta opción, xa se manifestou na resolución da Concelleira delegada de Contratación de 1 de xullo de 2022 que a modificación é substancial ao cambiar o réxime económico do contrato, e ademais alteraría a natureza da concesión, ao eliminar o risco operacional. Con ilo o contrato transformaríase nun contrato de servizos, posto que o contratista cobraría pola prestación do servizo de transporte, con independencia de se hai ou non usuarios que o utilicen. É indispensable para atribuír áo contrato a condición de concesión de servizos a asunción do risco de explotación polo concesionario, tal e como establece o Informe 12/2010, de 23 de xullo, da Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado, que afirma que l

“de las circunstancias anteriores debe considerarse que la asunción del riesgo de explotación por el concesionario resulta indispensable para atribuir a la relación jurídica que examinemos la condición de concesión de servicios. Las restantes condiciones, el hecho de que la prestación vaya destinada de forma directa a su utilización por los particulares y que la organización del servicio se encomiende en mayor o menor grado al concesionario son consecuencias, bien del mismo concepto de servicio público que tiene el objeto de la concesión, bien de la propia exigencia de asunción del riesgo derivado de la explotación del servicio. De lo anterior se desprende que cuando un negocio jurídico, aunque reúna algunas características de la concesión, como es el caso de que se encomiende la organización del servicio al contratista, pero no contemple la asunción del riesgo de explotación tantas veces mencionado, no podrá considerarse a los efectos de la legislación de contratos del sector público como una concesión de servicios”.

Analizaremos a continuación as distintas opcións de reequilibrio posibles:

1.- Incremento do prazo da concesión

En canto o incremento do prazo da concesión, no contexto do COVID-19, a XGL, en data 5 de xuño de 2020, acordou unha prórroga deste contrato por un período de 5 anos a partir do día 8 de xuño de 2020. Precisamente esta prórroga xustificouse na situación xerada pola pandemia e a imposibilidade de determinar naquel intre o futuro do servizo ata que se restablecesen as condicións anteriores á pandemia.

Na actualidade, a XGL, en 31 de marzo de 2023, aprobou un expediente de contratación por procedemento aberto, de servizos para a elaboración dun estudo técnico sobre a demanda do transporte urbano colectivo no novo ámbito da mobilidade urbana sostible de cara á renovación do servizo de transporte público urbano para o ano 2025. Este contrato está agora en licitación.

Informa ao respecto o servizo xestor en data 4 de abril de 2023, que non o ve viable, polas seguintes razóns:

“Con relación ao posible incremento do prazo da concesión previsto na vixente lexislación en materia de contratación, considerase que non é una



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

medida que resolva o desequilibro provocado pola pandemia derivada do Covid 19 .

O incremento do prazo podería contemplarse nos casos en que a situación económica dun contrato se recuperase na súa totalidade, de tal forma que nos anos posteriores se recuperasen as perdas sufridas anteriormente.

O desequilibro na concesión do transporte ven provocado polo brusco descenso do número de viaxeiros a partir do día 14 de marzo do ano 2020, número de viaxeiros que aínda que tivo unha certa recuperación esta moi alonxado do número de viaxeiros dos anos anteriores a pandemia.

Como queira que para a recuperación do reequilibrio da concesión, sería necesaria a recuperación do número de viaxeiros, circunstancia que non parece que se vaia a producir de forma inmediata, a ampliación do prazo no produciría o efecto de reequilibrio senón todo o contrario.

Este criterio xa foi rexeitado no contido do informes dos expedientes "3078/449" e 3292/449, polo cal débese reiterar a imposibilidade de recuperar a incidencia económica da pandemia na conta de resultados da empresa, cunha proposta de ampliación do prazo do contrato, xa que este factor non posibilitará en ningún caso a aparición de novas economías que garantan a recuperación da perda económica que se produce pola alteración do contrato con causa na minoración actual de usos".

2.- Modificación do réxime económico da mesma:

a) Diminución do canon

A diminución do canon non é posible, por canto neste caso non existe.

b) Modificación da retribución a abonar pola Administración ao concesionario

Esta opción tampouco é posible por canto o prego de cláusulas administrativas particulares non recolle esta modalidade de retribución ao concesionario pola prestación do servizo.

c) Incremento das tarifas que aboan os usuarios

Con relación á mesma, o citado informe do servizo xestor, de 4 de abril de 2023, dí o seguinte:

"O incremento das tarifas do servizo de transporte que abonan os usuarios, a fin de conseguir o reequilibrio de concesión, non parece aconsellable polos seguintes motivos :

O desequilibro no presente caso ven provocado por una circunstancia extraordinaria como foi a pandemia derivada do Covid 19 que provocou o descenso do número de viaxeiros.

En relación a este factor, débese indicar que para posibilitar a recuperación económica do importe que se deriva da minoración dos usuarios, levaría implícito un incremento de tarifa moi importante, e a derivación da mesma ao usuario non parece ser a medida mais oportuna neste momento de crise económica xeral na sociedade, e afectaría negativamente a recuperación dos viaxeiros

En todo caso a aplicación da normativa reguladora do procedemento de revisión das tarifas que abonan os usuarios, non concluiría na aprobación dunhas tarifas que resolvan o desequilibrio da concesión”.

d) Achega económica da Administración

Das opcións posibles, á vista do informe do servizo de Transportes e do prego de cláusulas administrativas particulares, semella que esta é a máis viable. Así o manifesta o servizo xestor ao dicir que *“parece o medio mais aconsellable de garantir o reequilibrio do contrato sen afectar a viabilidade de utilización do servizo”.* Esta opción está prevista na lexislación aplicable, tal e como se expuxo con anterioridade.

-V-

Da determinación da achega económica da Administración

VITRASA solicita, para reequilibrar a concesión como consecuencia das perdas dos exercicios 2020, 2021 e 2022, unha achega económica de *“30.215.138, 83 euros”*, a los que indica que *“habrá que sumar el impacto que previsiblemente tendrá la actualización de los salarios de los trabajadores de VITRASA una vez finalice el proceso de negociación colectiva que actualmente se encuentra en tramitación y que se situarán, en principio, en un intervalo entre 597.225,32 y 1.109.132,74 euros”.* Achega en apoio da súa solicitude un informe da consultora Novadays.

Para determinar o importe da citada achega económica, esta Administración encargou un ditame pericial a un auditor independente, D. Enrique M. González González, que o emite en data 12 de xullo. Parte da premisa de considerar, ao igual que Novadays, que o importe necesario para reequilibrar a concesión é a diferenza entre os ingresos e gastos correspondentes aos exercicios económicos 2020, 2021 e 2021, detallados nas súas contas anuais, auditadas por Deloitte. No entanto, non está de acordo con algúns conceptos incluídos por esta entre os gastos. Así, tras analizar os ingresos e gastos da concesión relacionados, conclúe o determinando que o importe necesario para reequilibrar a concesión é de *“14.402.292,35 euros”.* Para realizar este cálculo exclúe dos gastos relacionados pola concesionaria os conceptos que non teñen relación coa concesión, tales como:

- A *“pérdida por deterioro de cuentas por cobrar antiguas”* incluídas nas contas de perdas e ganancias dos exercicios 2020 e 2021.
- A *amortización do “fondo de comercio”*, que xurdíu como consecuencia dunha operación de restruturação societaria para paliar o sobreprecio asumido pola mesma.
- O beneficio industrial, que Novadays estima nun 8% dos gastos.
- O futuro resultado da negociación colectiva.

O sr. Interventor Xeral, no seu informe de 20 de outubro de 2023, expresa a súa opinión *“sobre o importe da compensación solicitada correspondente ao ano 2020 e determinación da perda compensable”* (apartado F):

“De conformidad co disposto no apartado 4º do artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio, e polo Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, a XGL, na sesión de data 18 de decembro de 2020 acordou reequilibrar a concesión do servizo público do transporte urbano colectivo de viaxeiros por mor da imposibilidade parcial da súa execución entre o 16 de marzo e o 14 de xuño de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-19, recoñecendo unha compensación económica a favor do concesionario por un importe de 2.194.963,56 euros. Este ingreso foi recoñecido na súa totalidade nas contas anuais da empresa correspondentes ao exercicio 2020.

Por outra parte, conforme ao disposto no Real Decreto 407/2021, de 8 de xuño, que ten por obxecto regular a concesión de subvencións directas ás entidades locais en concepto de axuda extraordinaria á prestación do servizo de transporte público de titularidade das entidades locais que experimentaron unha redución de ingresos como consecuencia da crise da COVID-19 durante o ano 2020, e que so poderá aplicarse para compensar ao contratista ou concesionario do transporte urbano polas perdas de ingresos por mor da pandemia, a XGL, na sesión do 30 de xuño de 2021, acordou "(...) empregar a subvención concedida en data 23 de xuño de 2021 para compensar a Viguesa de Transportes, S.L. (VITRASA), polo impacto ocasionado pola redución de ingresos do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros por mor da pandemia do COVID-2019, por un importe de 3.502.120,64 euros.". Este ingreso foi recoñecido nas contas anuais da empresa correspondentes ao exercicio 2021 ao ter sido aprobado e pagado no citado exercicio, polo que aos efectos de cálculo dun posible reequilibrio procedería o seu reaxuste e imputación integramente ao exercicio 2020.

Do que se deduce que o Concello de Vigo, mediante a adopción destas dúas decisións, e como consecuencia da aplicación do Real Decreto 407/2021, de 8 de xuño, compensou economicamente a VITRASA na suma total de 5.697.084,20 euros, de modo que o equilibrio económico-financieiro da concesión quedou restablecido no ano 2020, polo que non procedería novamente a súa revisión en virtude do principio de especialidade normativa que supón a prevalencia aplicativa da norma especial sobre a norma xeral.

Por outra parte entendo que dada a adecuada argumentación contida no informe presentado pola entidade VENTO, que resumidamente se explica no apartado D) anterior, procede ter en conta os axustes e consideracións propostas pola citada entidade á hora de determinar o importe da indemnización.

Deste xeito a xuízo do informante a perda compensable e consecuente importe do reequilibrio a favor de VITRASA ascendería a 12.107.630,57 euros conforme aos cálculos que se detallan a continuación.

CONCEPTOS	2020	2021	2022	TOTAL
INGRESOS	18.592.776,73	20.362.957,35	19.647.064,58	58.602.798,66
AXUSTE INGRESOS RD 407/2021	3.502.120,64	-3.502.120,64	0,00	0,00

INGRESOS AXUSTADOS	22.094.897,37	16.860.836,71	19.647.064,58	58.602.798,66
GASTOS	26.473.454,15	28.840.639,40	26.924.737,46	82.238.831,01
AXUSTES EN GASTOS	-2.083.895,00	-5.232.777,00	-1.917.068,00	-9.233.740,00
GASTOS AXUSTADOS	24.389.559,15	23.607.862,40	25.007.669,46	73.005.091,01
DIFERENCIA	-2.294.661,78	-6.747.025,69	-5.360.604,88	-14.402.292,35
BENEFICIO INDUSTRIAL	00,00	00,00	00,00	00,00
IMPORTE REEQUILIBRIO	00,00	-6.747.025,69	-5.360.604,88	-12.107.630,57

A responsable do contrato, en informe de 27 de outubro de 2023, manifesta a súa conformidade coas conclusións do Sr. Interventor.

Do anterior desprendese que a compensación económica ao contratista polo mantemento do servizo público municipal de transporte urbano colectivo non é integral ao non cubrir determinados conceptos, como el beneficio industrial, xa que non existe dereito a unha compensación íntegra por todos los danos sufridos, tal e como sostén a doutrina xurisprudencial citada.

É preciso ter en conta que a sentenza nº 209-2023 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2, de data 1 de setembro de 2023, ditada no procedemento ordinario 181-2022, estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por Viguesa de transportes, S.L., contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de 7 de abril de 2022, sobre revisión das tarifas do contrato de transporte urbano colectivo de viaxeiros correspondentes aos exercicios de 2021 e 2022. Esta sentenza foi obxecto de aclaración en Auto de data 5 de outubro de 2023, e recorrida en apelación por "Viguesa de Transportes, SL", ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, tal e como se relatou nos antecedentes. O fallo condena ao concello a aboar ao contratista os importes derivados da revisión de tarifas dos anos 2021 e 2022. Tal e como informa o servizo, "*debense minorar do importe inicialmente proposto como equilibrio da Concesión os importes netos (sen intereses), aboados por aplicación das sentenzas de revisión de tarifas dos anos 2021 e 2022*".

En consecuencia, o importe a aboar á concesionaria, por mor do reequilibrio económico do contrato ascende a 11.925.139,97 €.

Importe da proposta de reequilibrio	12.107.630,57 €
Importe neto (sen intereses) execución sentenza 2021	44.276,05 €
Importe neto (sen intereses) execución sentenza 2022	138.214,55 €
Importe final	11.925.139,97 €

Evacuado trámite de audiencia sobre a presente proposta, VITRASA remítese a escritos anteriores presentados un no marco deste procedemento e outro no procedemento xudicial, en concreto:

Ao presentado o 11 de novembro de 2023 neste procedemento, no que manifesta que "discrepa del importe del reequilibrio económico-financiero allí determinado y



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

considera que el mismo debería ascender a las cantidades ya expresadas por VITRASA (y validadas por un experto independiente) en los trámites previos del presente expediente”, citado no antecedente V.5 do presente informe, se ben non achega probas que permitan desvirtuar os informes solicitados polo Concello e obrantes no expediente.

Ao presentado o 30 de abril de 2024 (anexado como trámite 282 deste expediente) no seo procedemento ordinario 181-2022 seguido ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo, citado no antecedente VII deste informe, no que se refire á dedución da tarifa revisada do importe do reequilibrio proposto, e no que manifesta a súa conformidade con dita dedución.

-VI-

Procedemento de reequilibrio

A nosa lexislación contractual non regula o procedemento de reequilibrio dos contratos, en consecuencia é preciso acudir á lexislación de procedemento, de aplicación supletoria consonte á disposición final cuarta da LCSP “1. Los procedimientos regulados en esta Ley se regirán, en primer término, por los preceptos contenidos en ella y en sus normas de desarrollo y, subsidiariamente, por los establecidos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, y en sus normas complementarias”.

A única especialidade deste procedemento é a prevista no artigo 333 da LCSP. Esta norma refírese á Oficina Nacional de Evaluación, órgano colexiado que se integra na Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, que que ten como finalidade analizar a sustentabilidade financeira dos contratos de concesións de obras e servizos.

O artigo 333.4 da LCSP impón a emisión de informe preceptivo deste órgano nos acordos de restablecemento do equilibrio do contrato nos casos previstos nos artigos 270.2 e 290.4 respecto das concesións de obras e de servizos., se concorre algunha destas circunstancias:

- Cando se realicen achegas públicas á construción ou á explotación da concesión, así como calquera medida de apoio ao financiamento do concesionario.
- Respecto das concesións de obras e concesións de servizos en que a tarifa sexa asumida total ou parcialmente polo poder adxudicador concedente, cando o importe das obras ou os gastos de primeiro establecemento superen un millón de euros.

Polo tanto, no caso que nos ocupa, solicitouse informe á Oficina Nacional de Avaliación. No entanto, tal e como consta no último antecedente deste informe, a ONE inadmitiu a solicitude de informe en contra do criterio xurisprudencial e dos órganos consultivos citados no fundamento xurídico I deste informe de que a normativa aplicable ao procedemento que regula o exercicio das potestades do órgano de contratación no seo do contrato, neste caso o reequilibrio, é a vixente no momento de exercitar a citada potestade.

Criterio sostido tamén no recente Ditame 498/2023 do Consell Jurídic Consultiu de la

Comunitat Valenciana, que no caso dunha concesión de servizo público adxudicada en outubro de 2021 e que se rexe por normativa anterior á LCSP, considera o informe da Oficina preceptivo e conclúe (punto 5) que: *“De iniciarse por parte del Ayuntamiento consultante, a consecuencia de la solicitud de la concesionaria de 29 de diciembre de 2022, el procedimiento para el reequilibrio económico del contrato, con propuesta, en su caso, favorable a una aportación pública a la explotación, deberá tenerse en cuenta la necesidad del informe preceptivo de dicha Oficina Nacional de Evaluación (ONE) a que se refiere el artículo 333.3 de la LCSP/2017”*.

Por tratarse dun procedemento contradictorio, en aplicación do disposto no artigo 82 da LPAC, evacuáronse varios trámites de audiencia á concesionaria durante a súa tramitación, o derradeiro, da presente proposta.

Por último, é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo. Constan os referidos informes da Asesoría Xurídica e de fiscalización da Intervención Xeral.

-VII-

Modificación orzamentaria para facer fronte ao reequilibrio

O Sr. Interventor Xeral, no citado informe de 20 de outubro, puxo de manifesto que *“No estado de gastos dos vixentes orzamentos municipais (2023) non existe crédito para facer fronte á posible indemnización a favor de VITRASA, polo que, de ser o caso, previamente á aprobación ou autorización do gasto e á ordenación do pago deberá realizarse a modificación orzamentaria que proceda”*.

En consecuencia, a xefa do servizo de Transportes, en data 17 de abril de 2024, solicitou a tramitación e aprobación dun crédito extraordinario financiado co recurso financeiro que conforma o remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, por importe de 12.107.630,57 €. O Pleno da Corporación, en sesión de data 24 de setembro de 2024, aprobou definitivamente a Modificación Orzamentaria número 11,11A/ 2024, correspondente ao expediente nº 86/142, na cal se inclúe o importe solicitado polo servizo de transportes para facer fronte ao mencionado pago, aprobación que foi publicada no BOPP de data 27 de setembro de 2024.

-VIII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

-IX-

Proposta de acordo

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

“1º.- Declarar a ruptura do equilibrio económico da concesión de servizo público do transporte urbano colectivo de viaxeiros, adxudicada a Viguesa de Transportes, S.A., polo Pleno do Concello de Vigo o 16 de setembro de 1994, como consecuencia do impacto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, consonte o exposto nos fundamentos xurídicos III e IV deste informe.

2º.- A concesión reequilibrarase modificando o seu réxime económico establecendo unha achega económica ao concesionario, Viguesa de Transportes, S.L., de 11.925.139,97 €, consonte ao exposto no fundamento xurídico V.

3º.- Autorizar e dispoñer o pago con cargo a aplicación orzamentaria 4411 2669905 do estado de gastos do orzamento vixente, ordenando o pago correspondente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(914).- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE ASOCIACIÓN DE FÚTBOL AFICIONADO DE VIGO (AFAVI) EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO "TORNEO NADAL DE VIGO DE FÚTBOL 2024". EXPTE. 24149/333.

Visto o informe xurídico do 07/11/2024 e o informe de fiscalización do 11/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 06/11/2024, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

1.1.- Con data 18.10.24 a entidade ASOCIACIÓN DE FÚTBOL AFICIONADO DE VIGO solicitou ó Concello de Vigo unha subvención polo desenvolvemento do proxecto deportivo “TORNEO NADAL DE FÚTBOL 2024”

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 10.000,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo da competición
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento de ingresos e gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado titularidade conta bancaria.
- Certificado da representación legal da entidade.
- NIF da entidade, DNI do representante legal da entidade.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo, así como aqueles cunha participación relevante.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso, o desenvolvemento na cidade do Torneo Nadal de Fútbol ten unha transcendencia moi relevante no ámbito do fútbol, tendo en conta a enorme participación e repercusión mediática e social na cidade de Vigo.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a fomentar o deporte de alto nivel.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións, ou coa propia dinámica competitiva.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística nun estrato de poboación moi concreto, creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio e espectáculo deportivo, colaborando no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, entre outras cuestións.

Segundo.- **O** carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade do proxecto. Esta subvención, ademais, consta nominativamente na aplicación orzamentaria 3410.4800008 no orzamento vixente da Concellería de deportes.

Terceiro.- **O** interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de máximo nivel de participación na cidade de Vigo, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e un relevante nivel deportivo da competición, coa participación dós es dás mellores equipos de categorías de formación da modalidade no ámbito de Vigo.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos da cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva, o que supón un gran valor de carácter público e social.

Estes datos identifican claramente a envergadura do proxecto, cunha repercusión importante e coa presenza dun importante número de equipos tanto da cidade como de outros puntos xeográficos.

Esta competición serve de escaparate para a cidade, promovendo obxectivos en liña cos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade do deporte”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
 - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
 - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
 - Dinamización de propostas de interese de deporte en categorías de formación.
 - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
 - Optimización dos recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.

- Participación en grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que este proxecto deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, a proposta de subvención consta nominativamente no orzamento da Concellería de deportes do ano 2024, polo que consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia cuxa concesión canalizarase a través dun convenio cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

PROPOSTA

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 10.000,00€ a favor da entidade Asociación de Fútbol Aficionado de Vigo (AFAVI), CIF: G36998227 pola organización do Torneo Nadal de Fútbol 2024 e aprobar o texto do convenio que a regula, anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00€ para subvencionar á Asociación de Fútbol Aficionado de Vigo (AFAVI), CIF: G36998227 polo desenvolvemento do proxecto deportivo Torneo Nadal de Fútbol 2024, segundo resulta da documentación do expediente nº 24149-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4800008 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

SUBVENCIÓN DO CONCELLO DE VIGO A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE FÚTBOL AFICIONADO DE VIGO (AFAVI) EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO TORNEO NADAL DE FÚTBOL 2024 (EXPTE. 24149/333).

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

Doutra, José Daniel Costas Fernández presidente da Asociación de Fútbol Aficionado de Vigo (En adiante AFAVI) CIF: G36998227 e enderezo social na Rúa Val Miñor, 1, 36210, en Vigo, segundo resulta da documentación obrante no expediente 24149/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto deste convenio é o desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo “Torneo Nadal de Fútbol 2024” por AFAVI, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

AFAVI, propón a celebración na cidade de Vigo da “Torneo Nadal de Fútbol”, unha importante competición que converterá á cidade de Vigo, durante a súa celebración, nun centro de atención do fútbol de base.

II.-Que a entidade AFAVI organizará o Torneo Nadal de Fútbol 2024 na cidade de Vigo, de grande espectacularidade e cunha importante participación e repercusión social.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Fomentar a ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo dispón no seu vixente orzamento o crédito necesario para outorgar unha subvención a favor de AFAVI por importe de 10.000,00 €, ao constar nominativamente no orzamento da Concellería de deportes na partida 3410.4800008.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, os convenios a través dos que se canalicen as subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade coa propia Lei, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar co financiamento do proxecto de organización e celebración na cidade de Vigo do evento deportivo “Torneo Nadal de fútbol 2024”.

VI.- Que a entidade AFAVI non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias (Estado e CCAA) e fronte á Seguridade Social, e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e AFAVI materializan o seu interese e acordan a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- AFAVI comprométese a organizar o “Torneo Nadal de Fútbol 2024” na Cidade de Vigo asumindo a responsabilidade única na organización nas condicións detalladas no proxecto presentado e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin e cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto. As súas responsabilidades incluirán:

1º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

2º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

4º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberá figurar o logotipo do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

5º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

6º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

7º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

8º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

9º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo xunto coa xustificación da subvención.

10º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción de AFAVI (revista, web, etc).

2º.- Conceder directamente a AFAVI unha subvención por importe de 10.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800008 mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas coa organización do evento deportivo "Torneo Nadal de Fútbol 2024". A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 30.12.24.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados. O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada,

debedo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 30.12.24 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado na proposta de subvención.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo "Torneo Nadal de Fútbol".

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición,

estaráse ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 30.12.24 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os da súa representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan surdir.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima primeira.- A resolución o acordo de concesión se poderá modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos de subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

4(915).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE XESTIÓN DAS INSCRIPCIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO. EXPTE. 24079/333.

Visto o informe xurídico do 11/11/2024 e o informe de fiscalización do 12/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/11/2024, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1. Antecedentes

A) Con data 03.02.2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, aprobou o expediente para a "contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE XESTIÓN DAS

INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO (EXPTE NÚM. 21172-333)” (trámite núm. 140 do expediente 22172-333).

B) A Mesa de Contratación, na sesión celebrada o 17.03.2022, adoptou o acordo de clasificación de ofertas e proposta de adxudicación PARA a “contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO (EXPTE NÚM. 21172-333)” (trámite núm. 209 do expediente 22172-333).

C) A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 13.04.2022 adoptou o seguinte acordo (trámite núm. 263 do expediente 22172-333):

“Adxudicar a TEAM RELAY, S.L. (B-36.963.601) o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuítO RUNRUNVIGO (21.172-333) coas seguintes condicións:

a) O orzamento máximo é de 12.358,83 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.144,92 euro, cunha baixa proporcional única do 20 % a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.

b) Propón os seguintes servizos complementarios:

- Zona de control intermedio complementario en todas as probas*
- Monitor de seguimento de clasificacións na zona de chegada de cada proba cun tamaño mínimo de 55”*
- 5 Mailing masivos de promoción de carreiras pedestres ou eventos en vía pública a celebrar na cidade de Vigo organizados ou con participación municipal non incluídos no programa RunRunVigo.*
- Ampliación do prazo de inscrición de corredores ata 48h previas á celebración do evento nos casos que se solicite.*
- Enlace directo no contorno web da empresa ás principais redes sociais dos organizadores de cada unha das probas e do Concello de Vigo.*

c) Propón unha porcentaxe de desconto do 20 (%) a aplicar ao prezo sinalado na cláusula 5 do PPT para o aluguer de chip desbotable ou non reutilizable ás entidades organizadoras de cada unha das probas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

D) Con data 21.04.2022, procédese á sinatura do contrato coa mercantil TEAM RELAY, S.L. (B-36.963.601), para a prestación do servizo obxecto da contratación, a partir do 22.04.2022, inclusive, cunha duración ata o 31.12.2022, inclusive, contemplándose tres prórrogas dun ano de duración cada unha (trámite núm. 287 do expediente 22172-333).

E) A empresa adxudicataria do Servizo, presenta documento número 220281556 de data 14.11.2022, vía Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no que manifesta o seu interese en que se proceda a unha 1ª prórroga do expediente de “contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO (EXPTE NÚM. 21172-333)” (trámite núm. 3 do expediente 22144-333).

F) Con data 22.12.2022, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria, aproba a 1ª prórroga do expediente de “contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO (EXPTÉ NÚM. 21172-333)", por un período de un ano, comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a favor da, empresa TEAM RELAY, S.L. (B36963601), o que supón un gasto de 12.358,83 €, con cargo á partida do orzamento de gastos da Concellería de Deportes 3410.2260901 "Organización de actividades deportivas" (trámite núm. 31 do expediente 22144-333).

G) Esta 1ª prórroga, foille notificada á empresa prestataria do Servizo TEAM RELAY, SL, mediante comunicación de data 22.12.2023. Consta recepción da notificación do día 23.12.2023 (trámites núm. 35 e 40 do expediente núm. 22144-333).

H) Con data 3.11.2023, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria, aproba a 2ª prórroga do expediente de "contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO (EXPTÉ NÚM. 21172-333)", por un período de un ano, comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a favor da, empresa TEAM RELAY, S.L. (B36963601), o que supón un gasto de 12.358,83 €, con cargo á partida do orzamento de gastos da Concellería de Deportes 3410.2260901 "Organización de actividades deportivas" (trámite núm. 33 do expediente 23011-333).

I) Esta 2ª prórroga, foille notificada á empresa prestataria do Servizo TEAM RELAY, SL, mediante comunicación de data 08.11.2023. Consta recepción da notificación da mesma data (trámites núm. 46 e 51 do expediente núm. 23011-333).

J) Consta aviso previo da 3ª e última prórroga, enviado o 15.10.2024 coa antelación mínima esixida, en cumprimento do artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sendo a aplicación da devandita prórroga obrigatoria para o contratista. Esta notificación é recibida polo adxudicatario o 15.10.2024 e a prórroga proposta tamén é aceptada segundo o indicado no escrito do contratista da mesma data (trámites 5, 9 e 11 do presente expediente núm. 24079-333).

2. Fundamentos de dereito

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

No PCAP, **cláusula 7. Prazo de execución, punto 3**, recóllese que este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será

obligatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O apartado 4. C da FEC contempla a posibilidade de tres prórrogas, dun ano de duración cada unha.

3. Desenvolvemento do contrato actual:

A empresa dispón de todos os medios necesarios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do servizo, obxecto do contrato, e vén prestando o mesmo dun xeito satisfactorio (incluída a primeira e segunda prórrogas), de acordo cos criterios marcados no Prego de Prescricións Técnicas.

Na situación actual, resulta necesario propoñer a terceira e última prórroga do contrato cara a garantir a prestación do servizo, tendo en conta a programación de eventos deportivos incluídos no calendario.

4. Prezo anual do contrato incluída a primeira prórroga e segunda prórroga:

A prezo máximo anual do contrato é de 12.358,83 euros sen IVE, sendo o IVE de 2.144,92 euros, para a primeira anualidade.

A primeira prórroga, que comezou o 01.01.2023 e rematou o 31.12.2023 (unha anualidade), tramitouse por un importe de 12.358,83 euros sen IVE, sendo o IVE de 2.144,92 euros.

A segunda prórroga, que comezou o 01.01.2024 e rematará o 31.12.2024 (unha anualidade), tramitouse por un importe de 12.358,83 euros sen IVE, sendo o IVE de 2.144,92 €.

5. Prezo para o período desta terceira e última prórroga:

Tendo en conta que esta terceira e última prórroga é por unha anualidade e segundo o indicado no PCAP non procede a revisión de prezos, o prezo do contrato para o período da segunda prórroga sería de 12.358,83 €, IVE incluído (importe base de 10.213,91 € e 2.144,92 en concepto de IVE).

6. Financiamento do contrato:

O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2260901 "Organización de actividades deportivas", coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2025	3410.2260901 "ORG. ACTIV. DEPORTIVAS"	12.358,83 €

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 31 de decembro de 2024 e constátase a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar esta terceira (3ª) e derradeira prórroga do expediente de "contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO (EXPTE NÚM. 21172-333).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos".

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o art. 127 LBRL e a D. A. 2ª do Real Decreto Legislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse a **Xunta de Goberno Local** previo informe xurídico e fiscalización pola Intervención Xeral, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. -Aprobar a terceira (3ª) e última prórroga do expediente de "contratación, mediante procedemento aberto, do SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO (EXPTE NÚM. 21172-333)", por un período de un ano, comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2025, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, a favor da, empresa TEAM RELAY, S.L. (B36963601).

2.- Aprobar o gasto de 12.358,83 €. IVE incluído, que representa esta terceira e última prórroga anual a favor de TEAM RELAY, S.L. (B36963601), con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2260901 "ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS", coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2025 (do 01.01.2025 ao 31.12.2025, inclusive)	3410.2260901	12.358,83 €

3.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (artigos 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e coincidentes da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(916).- OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACION DE FEIRAS E FESTIVAIS INDUSTRIAIS E COMERCIAIS CON SEDE EN VIGO

QUE FOMENTEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO 2024. EXPTE. 20951/77.

Visto o informe de fiscalización de data 11/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/11/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 19 de xullo de 2024 aprobáronse as **“BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACIÓN DE FEIRAS E FESTIVAIS INDUSTRIAIS E COMERCIAIS CON SEDE EN VIGO QUE FOMENTEN A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO”**. EXPTE. 20951/77 .

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 152, do 06 de agosto de 2024 e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS foi publicado no BOP no seu número 155 de data 09/08/2024 así como na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á publicación do extracto no BOP (dende o 12/08/2024 ao 27/08/2024, ámbolos dous inclusive, da que resultou a presentación de catro (4) solicitudes:

N.º Expdte.	CIF	Entidade	Data Rexistro
21084-77	F36608131	COOPERATIVA ARMADORES DE PESCA PUERTO DE VIGO S COOP GALEGA – ARVI (SEAFEST)	13/08/24
21085-77	B36942241	MUESTRALO, ORGANIZACION DE EVENTOS FERIALES SL- NAVALIA	14/08/24
21086-77	G36636819	ASOC.ESP. MAY .IMP, EXPORT. TRANSF.PDTOS PESCA , ACUIC-CONXEMAR	21/08/24
21094-77	B16738866	VEGANAGAL SL	26/08/24

As bases da convocatoria de subvencións para o organización de feiras e festivais industriais e comerciais con sede en Vigo que fomenten a contratación de persoas en situación de desemprego, establecen un financiamento por unha contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2024) de 205.000,00 € (douscentos cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700003, denominada “Feiras industriais”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

Subvencionarase, no caso de que as entidades solicitantes que cumpran con todos os requisitos exixidos nas bases, cun máximo de 100.000,00€, os gastos de:

- Coordinación do evento, convocatoria e rexistro de asistentes, protocolo.
- Aluguer ou canon, montaxe e desmontaxe das instalacións necesarias para a celebración da feira e/ou festival.
- Rotulación, sinalización, iluminación, megafonía, servizos audiovisuais, directamente vinculadas coa organización e celebración da feira e/ou festival.
- Persoal ao servizo do evento: servizo de azafatas, tradución simultánea, guías turísticos ou similares, vixilancia, seguridade e limpeza directamente vinculadas coa organización e celebración da feira ou festival.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

- e) Os elementos e dispositivos de apoio técnico, así coma os medios persoais, que permitan a participación no evento subvencionable a tódalas persoas, garantindo a accesibilidade universal.
- f) Promoción e publicidade da feira ou festival en calquera soporte: deseño, elaboración, maquetación e tradución de material promocional, web do evento, banners, frames, pop-ups, redes sociais para a súa difusión e/ou emisión, apps específicas para o evento, marketing de contidos (branded content e inbound marketing) memorias, anuncios en radio, prensa, vallas publicitarias, lonas, mobiliario urbano, etc.
- g) Plans de autoprotección e evacuación.

A quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (BOPPO nº 133, do 9 de xullo de 2024), con data 25/10/2024, resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo coa base décimo primeira, apartado 4, cos seguintes membros:

Vogal 1	Carla Candia Paz	Técnica de Administración Xeral.
Vogal 2	Ana M ^a Mouriz Martínez	Coordinadora de Desenvolvemento Local e Emprego
Suplente	André Otero Medraño	Técnico de xestión

A Comisión de Valoración con data 25/10/2024, conforme á información que consta no seu poder, realizou a avaliación das solicitudes presentadas co resultado exposto na acta correspondente de valoración.

Conforme á documentación existente no servizo, procédese a revisar os expedientes coas seguintes conclusións:

1.- Preavaliación das solicitudes

Unha vez revisadas as solicitudes de subvención, co obxecto de verificar o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias, segundo o indicado na Base 11^a, decídese:

- DESESTIMAR a solicitude presentada por VEGANAGAL S.L. de acordo á Base 10^a.1, por non se axustar aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria, xa que as datas de realización da feira (26 e 27 de outubro de 2024) non están comprendidas no periodo entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2024 que figura na Base 1^a onde se especifica o Obxecto destas subvencións.

- ESTIMAR as tres solicitudes presentadas por: COOPERATIVA ARMADORES DE PESCA PUERTO DE VIGO S COOP GALEGA – ARVI (F36608131), MUESTRALO, ORGANIZACION DE EVENTOS FERIALES S.L. (B36942241) e ASOC. ESP. MAY. IMP. EXPORT. TRANSF.PDTOS PESCA, ACUIC. -CONXEMAR (G36636819), xa que, conforme á documentación existente no servizo, despréndese que cumpren cos requisitos establecidos aos solicitantes nas bases da convocatoria para resultar beneficiarios da subvención.

2.- Avaliación das solicitudes.

En cada un dos expedientes das entidades solicitantes e admitidas ao proceso de baremación (expdtes. 21084-77, 21085-77 e 21086-77) achéganse as fichas individualizadas de baremación de cada unha delas, con todos os detalles e aclaracións que xustifican as devanditas puntuacións.

As puntuacións obtidas polas entidades admitidas no proceso de baremación nesta convocatoria de subvencións refléxanse na táboa exposta a continuación:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

	ARVI (SEAFEST) 21084-77	MUÉSTRALO (NAVALIA) 21085-77	CONXEMAR 21086-77
1.- Calidade do proxecto (máximo 82 puntos)	52	53	72
Alcance	10	10	10
Perfil internacional: 10 puntos	10	10	10
Perfil nacional: 8 puntos			
Perfil autonómico: 4 puntos			
Perfil local: 2 puntos			
Duración	10	10	10
Feira de 3 días ou máis: 10 puntos	10	10	10
Feira de 2 días: 6 puntos			
Feira dun día: 3 puntos			
Colaboración con outras entidades	0	0	10
Colaboración con 1 entidade publica: 10 puntos			10
Colaboración con 2 ou máis entidades públicas: 8 puntos			
Actividades complementarias	10	3	10
Un punto por actividade			
Fomento do voluntariado no evento	2	0	2
Medidas de compensación do impacto medioambiental	5	5	5
Medidas ou accións de inclusión para o fomento da empregabilidade de persoas con discapacidade	10	0	0
Entidades participantes con stands	5	25	25
Entidades Internacionais:	0		
Máis de 100 entidades internacionais: 15 puntos		15	15
De 50 a 100 entidades internacionais: 10 puntos			
De 1 a 49 entidades internacionais: 6 puntos			
Entidades Nacionais:			
Máis de 100 entidades nacionais: 10 puntos		10	10
De 50 a 100 entidades nacionais: 8 puntos			
De 1 a 49 entidades nacionais: 5 puntos	5		
2.- Experiencia e antigüidade	8	10	10
Máis de 5 edicións : 10 puntos		10	10
Entre 2 e 5 edicións : 8 puntos	8		
Primeira edición: 4 puntos			
3.- Número de asistentes previstos	10	10	10
Más de 10.000 asistentes: 10 puntos	10	10	10
Entre 8.001 y 10.000 asistentes: 8 puntos			
Entre 6.001 y 8.000 asistentes: 6 puntos			
Entre 4.001 e 6.000 asistentes: 4 puntos			
Inferior a 6.000 asistentes: 2 puntos			
4.- Achega de recursos propios	8	8	8
Achega de máis do 30%: 8 puntos.	8	8	8
Achega entre o 21% e o 30%: 5 puntos.			
Achega entre o 10% e o 20%: 3 puntos.			
5.- Impacto da feira ou festival en Vigo	20	20	20
Máis de 25 contratacións: 20 puntos	20	20	20
Entre 21 y 25 contratacións: 16 puntos			
Entre 16 y 20 contratacións: 12 puntos			
Entre 11 y 15 contratacións: 10 puntos			
Entre 6 e 10 contratacións: 6 puntos			
Inferior a 5 contratacións: 3 puntos			
TOTAL (1+2+3+4+5):	98	101	120

3.- A distribución económica unha vez avaliadas as solicitudes das entidades.

A distribución económica unha vez avaliadas as solicitudes das entidades resulta como se indica na seguinte táboa:

	Puntos Baremación	Cantidade Solicitada	Cantidade Concedida
SEAFEST	98	100.000,00 €	62.978,06 €
NAVALIA	101	100.000,00 €	64.905,96 €
CONXEMAR	120	100.000,00 €	77.115,99 €
Total:	319		205.000,00 €
Total partida:	205.000,00 €		
Valor do punto:	642,63 €		

Da contía total destinada a estas axudas (205.000,00 €), no primeiro reparto xa queda toda repartida proporcionalmente aos puntos obtidos por baremación das tres entidades e que non alcanzaron o máximo subvencionable (e solicitado).

4.- Unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, conforme ao establecido na Base 9ª da convocatoria, a Comisión de Valoración fai constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que as entidades beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

...”

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos do establecido na DÉCIMO PRIMEIRA das bases reguladoras do procedemento:

- As solicitudes avaliaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Novena, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instructor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todas as entidades solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instructor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación do extracto desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

- A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítirase aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- **Dende o día seguinte á notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

- O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos

os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego no vindeiro exercicio orzamentario.

Así mesmo, cómpre modificar a BASE 12^a **das bases reguladoras do procedemento**, a fin de que o outorgamento das axudas obxecto da presente proposta non debeña de imposible cumprimento, establecendo un prazo de 15 días naturais a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución para a presentación da documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

- No caso de Muéstralo Organización de eventos Feriales S.L., que é a única entidade con ánimo de lucro das tres entidades admitidas para a concesión destas subvencións, presenta por Rexistro con data 05/11/2024 o Anexo VI correspondente a esa mesma data no que declara que compre cos prazos de pagos a provedores que se establecen na Lei 3/2004, do 29 de decembro. Deste xeito, dáse cumprimento ao establecido no art. 13.3 bis da Lei 38/2003 que indica que esta acreditación efectuarase no prazo de 10 días dende a notificación do requirimento dirixido para o efecto polo órgano instrutor previo á proposta de resolución definitiva.

A teor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23 da Lei de Subvencións de Galicia e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 28/06/2024, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: DESESTIMAR, conforme ao art. 25 da LSG, a solicitude de subvención que se relaciona, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiaria e, en particular, por non cumprir a Base 10^a.1, por non se axustar aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.

Nº expte.	Entidade	NIF	Motivo desestimación
-----------	----------	-----	----------------------



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

21094-77	VEGANAGAL S.L.	B16738866	As datas de realización da feira (26 e 27 de outubro de 2024) non están comprendidas no período entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2024 que figura na Base 1ª
----------	-----------------------	-----------	--

SEGUNDO: CONCEDER, de conformidade co art. 23.3 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4700003 "Feiras industriais" do vixente exercicio orzamentario, pola contía total que se reflicte a seguir:

Nº expte.	Entidade	NIF	Importe Subvención Concedida
21084-77	COOPERATIVA ARMADORES DE PESCA PUERTO DE VIGO S COOP GALEGA – ARVI (SEAFEST)	F36608131	62.978,06 €
21085-77	MUESTRALO, ORGANIZACION DE EVENTOS FERIALES SL-NAVALIA	B36942241	64.905,96 €
21086-77	ASOC.ESP. MAY .IMP, EXPORT. TRANSF.PDTOS PES-CA , ACUIC-CONXEMAR	G36636819	77.115,99 €

TERCEIRO: PUBLICAR na Base de Datos Nacional de Subvencións todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado.

CUARTO: MODIFICAR a BASE 12ª das bases reguladoras do procedemento, a fin de que o outorgamento das axudas obxecto da presente proposta non devese de imposible cumprimento, establecendo un prazo de 15 días naturais a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución para a presentación da documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

QUINTO: NOTIFICAR o presente acordo nos termos establecidos nos art. 24 da LSG, art. 40 e 41 da LPAC e Base reguladora 12ª.8, con indicación expresa de que dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(917).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO, COORDINACIÓN E RESPONSABLE DOS CONTRATOS RELACIONADOS COA CABALGATA DE REIS E COORDINACIÓN DO ENTROIDO. EXPTE. 10318/335.

Visto o informe xurídico de data 8/11/2024 e o informe de fiscalización do 11/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 8/11/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 30 de outubro de 2024, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do servizo de asesoramento, coordinación e responsable dos contratos relacionados coa Cabalgata de Reis e coordinación do Entroido.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), xunto coa resolución da concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 30 de outubro de 2024.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2023 e publicado no perfil de contratante.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares, de data 30 de outubro de 2024.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 7 de novembro de 2024.
- Memoria económica, de data 7 de novembro de 2024.
- Certificado de retención de crédito de data 31 de outubro de 2024 (operación nº 12024000179759).
- Memoria xustificativa, de data 8 de novembro de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, de data 8 de novembro de 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo órgano de contratación.

Nos municipios de grande poboación aos que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a disposición adicional 2ª da LCSP sinala no seu apartado 4º que o órgano de contratación será a Xunta de Goberno local. No Concello de Vigo esta competencia de iniciación dos expedientes de contratación está delegada por acordo da Xunta do Goberno local do 22 de xuño do 2023 e posteriores modificacións, nos concelleiros da Área (BOPPO núm. 134 de 10 de xullo do 2024, última modificación vixente).

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto, por canto, de acordo co artigo 156 LCSP, garante a libre concorrência.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (disposición adicional 3ª.8 LCSP), así como

a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP, e o documento contable, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte

ACORDO:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de asesoramento, coordinación e responsable dos contratos relacionados coa Cabalgata de Reis e coordinación do Entroido (10.318-335).

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 7 de novembro de 2024, asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 8 de novembro de 2024, asinado pola xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 3.535,62 euros euros, sendo o valor estimado do contrato de 14.610,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.227.0600 “Estudios e Traballos Técnicos” e bolsa de vinculación na anualidade de 2025.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(918).- NOMEAMENTO INTERINO DE UN OFICIAL DE DESINFECCIÓN PARA O SERVIZO DE CONTROL DE PRAGAS. EXPTE. 45182/220.

Visto o informe de fiscalización do 05/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/11/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

ANTECEDENTES

I.- Mediante a solicitude que obra unida ao presente expediente, asinada pola xefatura do servizo de Medio ambiente, sanidade e consumo, e coa conformidade da concellería competente, solicítanse á Área de Recursos Humanos e Formación, o nomeamento de 2 oficiais desinfectores/as por acumulación de tarefas por prazo de nove meses (artigo 10.1 d) do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TRLEBEP).

II.- Analizada a solicitude, en data 13/09/2024 procédese á incoación de expediente.

III.- Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa de 03/10/2024, unha persoa acepta o nomeamento e está en condicións de ser nomeada.

IV.- Consta no expediente informe técnico que inclúe a proposta de gasto de data 07/10/2024 e ampliacións de informe 16/10/2024 e 30/10/2024.

V.- En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación:

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que "el procedimiento de

selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por acumulación de tarefas:

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorran algunhas das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“el exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de nueve meses, dentro de un periodo de dieciocho meses”** (letra d) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que “los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

principios de igualdade, mérito, capacidade e celeridade, e tendrán por finalidade a cobertura inmediata do posto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, apartado 3, letra c) pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, **sen dereito a compensación algunha**. Ademais a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

O persoal funcionario interino percibirá as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento por acumulación de tarefas, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación de data 03/10/2024, consta que:

“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación do expediente administrativo núm. 45182/220 infórmase o seguinte:

- Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia para o nomeamento interino de 2 Oficiais desinfectores/as por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) TREBEP), existe lista de reserva do Concello de Vigo vixente con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable.*
- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento como oficial desinfectora/a, de dous candidatos, dos cales só un aceptou o nomeamento e presentou a documentación requirida para o efecto (o outro candidato presentou a renuncia, que obra incorporada ao expediente 45182/220).*

Polo anteriormente exposto, relacionase o candidato que aceptou o nomeamento e presentou a documentación requirida ao efecto:

*E. R. Vivanco Salvatierra con DNI ***4751***

De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia”.

O aspirante interesado e dispoñible, aceptou expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

VI. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica emitido en data 07/10/2024, e incorporado ao expediente, *“No caso de que o nomeamento interino de 1 oficial/a desinfectora/a (Grupo C2) por acumulación de tarefas (9 meses) se realizase o 01/11/2024, os importes serían os seguintes*

<i>Importe Total nomeamento periodo 01/11/2024-31/07/2025</i>	<i>27.622,45 €</i>
---	--------------------



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

<i>Periodo 01/11/2024-31/12/2024</i>		
<i>Puesto 240 Oficial/a Desinfectora/a 2024</i>	<i>Basicas C2</i>	<i>1.672,96 €</i>
	<i>CD 16</i>	<i>976,94 €</i>
	<i>CE 157</i>	<i>1.887,72 €</i>
	<i>Total Retribucions</i>	<i>4.537,62 €</i>
	<i>Seg social</i>	<i>1.552,90 €</i>
	<i>Total Posto</i>	<i>6.090,52 €</i>

<i>Periodo 01/01-31/07/2025</i>		
<i>Puesto 240 Oficial/a Desinfectora/a 2025</i>	<i>Basicas C2</i>	<i>6.002,89 €</i>
	<i>CD 16</i>	<i>3.505,47 €</i>
	<i>CE 157</i>	<i>6.773,49 €</i>
	<i>Total Retribucions</i>	<i>16.281,85 €</i>
	<i>Seg social</i>	<i>5.250,07 €</i>
	<i>Total Posto</i>	<i>21.531,92 €</i>

(...)"

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

En canto ao análise impacto económico partidas a enero de 2025, consta informe técnico de 16/10/2024 segundo o cal: "En informe de data 07/10/2024 indicase segundo o solicitado, o custo do nomeamento interino de 1 oficial/a desinfectora/a (Grupo C2) por acumulación de tarefas, por 9 meses.

No caso de que dito nomeamento realizese o 01/11/2024, dous meses (mais a parte proporcional da paga extra) imputariase ao orzamento do ano 2024 e 7 meses (mais a proporción da p.extra) ao orzamento do ano 2025.

En informe de data 03/10/2024 obrante no expediente 44929-220 (Tramite 54), asinado polo equipo de traballo para a elaboración do anteproxecto de Capítulo I dos Orzamentos Municipais 2025 e conformado pola Xefatura da Area, sinalase o crédito inicial da aplicación orzamentaria 92001400000 "Outras mod.nomeamento persoal temporal non permanente (INTERINOS SIN PLAZA)", cun importe de 400.000,00€

Asi mesmo xa se sinala no mesmo informe, que o importe do gasto autorizado e comprometido para o ano 2025 (AFUTs) ascende a un total de 49.607,29 €. Polo tanto, o saldo dispoñible, unha vez aprobados os orzamentos, ascendería a 350.392,71 €.

O custo retributivo dos 7 meses correspondentes ao ano 2025 suporía un gasto de 16281,85 €, de imputación a aplicación orzamentaria 92001400000 mais un total de 5250,07€ de gastos de seguridade social con cargo a empresa que serían de imputación a aplicación orzamentaria 92001600099, cun crédito inicial proposto de 90007,18€.

Dito custo para o ano 2025, se vería incrementado no caso de que o período de imputación de gasto ao ano 2025 fora superior aos 7 meses.”

Consta igualmente informe técnico:

- A estimación do gasto comprometido ata o 31 de decembro de 2024, referente ao persoal nomeado dacordo ao art 10.1 letra b), letra c) e letra d) ata a data de sinatura do presente informe é de 947.053,33 €
- Revisados os expedientes tramitados e cuxo gasto foi imputado a aplicación orzamentaria 92001400000 e con remate no ano 2025 ou posterior, o gasto previsible a aboar na nomina de xaneiro 2024, dacordo aos expedientes que se indican na relación que se achega, supón un total aproximado (cálculase cun incremento nas retribucións do 2,5 %) a aboar na nómina do mes de xaneiro 2025, de 45.420,99€

Funcionarios interinos por substitución do titular (artigo 10.1, letra b) do TREBEP):		
n expte	NP	Imp. Aprox nomina xan_25
43034-220	83862	1.993,31 €
43034-220	80674	2.037,30 €

Funcionarios interinos artigo 10.1 c) TREBEP

n expte	Programa	Data fin	NP	Imp. Aprox nomina xan_25
38903-220	XESTION DAS AXUDAS NG_UE	27/01/25	84861	3.772,32 €
38903-220		27/01/25	84859	3.772,32 €
38903-220		27/01/25	85068	3.251,57 €
38903-220		27/01/25	83834	3.972,05 €
38903-220		27/01/25	84860	3.981,70 €
38903-220	MANTEMENTO CATASTRAL PARA DIRECCION DE INGRESOS	27/01/25	82742	1.988,99 €
38903-220		27/01/25	85035	3.772,32 €
41554-220		09/08/25	80411	2.032,99 €
44891-220		09/08/25	84697	3.772,32 €

Funcionario interino por acumulación de tarefas (artigo 10.1, letra d) do TREBEP).

N expte	data fin	Servizo	NP	Imp. Aprox nomina xan_25
44413-220	03/03/25	Benestar Social	84869	2.262,28 €
44460-220	17/03/25	igualdade	85236	3.772,32 €
44719-220	11/05/25	Benestar Social	85240	1.945,00 €
44719-220	11/05/25	Benestar Social	85239	1.945,00 €
44719-220	11/05/25	Benestar Social	85238	1.945,00 €
44719-220	11/05/25	Benestar Social	84061	1.945,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

- *En canto a suficiencia de crédito na aplicación 92001400000 ao longo do mes de xaneiro, como xa foi indicado en informe de data 17/10/2024 , no informe obrante no expediente 44929-220 (Tramite 54). asinado polo equipo de traballo para a elaboración do anteproxecto de Capítulo I dos Orzamentos Municipais 2025 e conformado pola Xefatura da Area, sinalase o crédito inicial da aplicación orzamentaria 92001400000 “Outras mod.nomeamento persoal temporal non permanente (INTERINOS SIN PLAZA)”, cun importe de 400.000,00€ para o ano 2025.*

En consecuencia existiría crédito suficiente para o aboamento das retribucións do persoal indicado na anterior relación.

Toda vez que o custo retributivo dos 7 meses correspondentes ao ano 2025 suporía un gasto de 16281,85 €, de imputación a aplicación orzamentaria 92001400000, custo que se vería incrementado no caso de que o período de imputación de gasto ao ano 2025 fora superior aos 7 meses, se disporía de crédito para o nomeamento dun oficial desinfectador (C2) por acumulación de tarefas”

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VIII.- COMPETENCIA

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e

Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

“**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario interino nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: 1 oficial desinfectador
- Modalidade legal: funcionaria/o interina/o por acumulación de tarefas (artigo 10.1, letra d) do TREBEP).
- Destino: Servizo de Medio ambiente, sanidade e consumo
- Período temporal: 9 meses, expirando a vixencia do nomeamento ao remate sen dereito a compensación algunha (artigo 10.3, letra c) do TREBEP).
- Custe económico: Segundo informe técnico obrante no expediente de data 07/10/2024:

“No caso de que o nomeamento interino de 1 oficial/a desinfectador/a (Grupo C2) por acumulación de tarefas (9 meses) se realizase o 01/11/2024, os importes serían os seguintes

Importe Total nomeamento periodo 01/11/2024-31/07/2025	27.622,45 €
--	-------------

Periodo 01/11/2024-31/12/2024		
	Basicas C2	1.672,96 €
	CD 16	976,94 €
	CE 157	1.887,72 €
	Total Retribucions	4.537,62 €
Puesto 240 Oficial/a Desinfectador/a 2024	Seg social	1.552,90 €
	Total Posto	6.090,52 €

Periodo 01/01-31/07/2025		
	Basicas C2	6.002,89 €
Puesto 240 Oficial/a Desinfectador/a 2025	CD 16	3.505,47 €
	CE 157	6.773,49 €
	Total Retribucions	16.281,85 €
	Seg social	5.250,07 €
	Total Posto	21.531,92 €

(...)”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

SEGUNDO: Nomear como oficial desinfector na condición de funcionario interino por acumulación de tarefas, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, ó candidato E. R. Vivanco Salvatierra, con DNI ***4751**, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada e horarios de traballo do efectivo nomeado desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

CUARTO: Notificar o presente acordo ó aspirante nomeado, á xefatura do Servizo Medio ambiente, sanidade e consumo, Concellería delegada, Intervención Xeral Municipal, Tesourería/Nóminas, inspección de persoal, e ao Comité de Persoal para os efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(919).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA PARA A RENOVACIÓN DO COMPROMISO DE INTEGRACIÓN NA REDE DE

BIBLIOTECAS DE GALICIA DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL “XOSÉ NEIRA VILAS”. EXPTE. 5756/330.

Visto o informe xurídico de data 31/10/2024 e o informe de fiscalización do 07/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/10/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

O Concello de Vigo no exercicio das competencias municipais en materia de bibliotecas, solicitou ao abeiro da Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia a integración na Rede de bibliotecas de Galicia do centro bibliotecario Xosé Neira Vilas. Por orde do conselleiro de Cultura e Turismo de data 21 de xullo de 2010 acordouse a creación e inclusión do dito centro na Rede de Bibliotecas de Galicia, condicionada á sinatura dun convenio co Concello de Vigo, formalizándose dito convenio en data 21 de outubro de 2010.

Os artigos 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 34 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2017/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común.

A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias. Segundo establece o artigo 7 da citada lei, a citada Consellería configúrase como o órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas, dentro do que se encadran as bibliotecas públicas integradas na Rede.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

O convenio proposto constitúe un convenio interadministrativo conforme o disposto no artigo 47.2^a) da LRXSP, en tanto que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (Xunta de Galicia) e o Concello de Vigo son entidades que integran a Administración Pública e ten por obxecto colaborar na execución dun fin común que se concreta na colaboración da renovación da integración na Rede de Bibliotecas de Galicia da Biblioteca Pública Municipal "Xosé Neira Vilas.

A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias. Segundo establece o artigo 7 da citada lei, a citada Consellería configúrase como o órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas, dentro do que se encadran as bibliotecas públicas integradas na Rede.

Os convenios non poden ter por obxecto prestacións propias dos contratos pois, en tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. A diferenza entre o obxecto do contrato e o do convenio non radica tanto na súa materialidade como na causa e na forma de realizalo, que non constitúe contraprestación a cargo dunha das partes, senón a participación de ambas «nun fin común» (art. 47 LRJSP).

Analizadas as cláusulas do convenio, despréndese que ante ausencia de onerosidade (non hai intercambio de prestacións), a natureza xurídica é de convenio polo que a súa regulación queda suxeita ao establecido na Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público (artigos 47 a 53) e excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de contratos do Sector Público segundo o disposto no artigo 6 que exclúe do ámbito subxectivo da mesma, os convenios de colaboración que celebre as Entidades locais.

O convenio proposto acomódase as previsións do Título Preliminar, capítulo VI -arts. 47 a 53- da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e, en especial, ao contido mínimo dos convenios regulado no artigo 49 da mesma.

O convenio proposto regula na súa cláusula primeira os compromisos por ambas partes; estes compromisos non supoñen gastos adicionais para o Concello de Vigo máis alá dos gastos xerais de funcionamento da Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas que figuran no orzamento municipal, programa presupostario 3321-Bibliotecas Públicas.

Os termos que establece a lexislación vixente en canto a análise da necesidade da sinatura do presente convenio, así como a necesidade, oportunidade e impacto económico e o carácter non contractual do mesmo están expostos na memoria xustificativa do contrato anexa a este expediente previa ao presente informe proposta.

O texto do convenio para a renovación incorpora novidades referidas fundamentalmente ás que teñen incidencia directa na prestación do servizo e ao exercicio dos dereitos das persoas usuarias, particularmente as relativas á protección de datos persoais. Neste sentido, déuselle traslado ao delegado de protección de datos do Concello para análise da cláusula décima da proposta de convenio, indicando que era correcta e acorde coa lexislación vixente.

A sinatura do convenio correspóndelle á concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, en virtude do decreto de delegación do Alcalde nos concelleiros/as-delegados/as de Área de Goberno de data 20 de xuño de 2023.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, previo informe xurídico e informe de Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO.-

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se achega no expediente entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a renovación do compromiso de integración na Rede de Bibliotecas de Galicia da Bibliotecas Pública Municipal “Xosé Neira Vilas”

SEGUNDO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso e Información Pública e Bo Goberno

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A RENOVACIÓN DO COMPROMISO DE INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL XOSÉ NEIRA VILAS DE VIGO.

En Santiago de Compostela,

REÚNENSE

Dunha parte, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en diante, a Consellería) e no seu nome e representación, D. José Carlos López Campos, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, para o que foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia; así



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

como o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Doutra, o Concello de Vigo (en adiante, o Concello) e no seu nome e representación, Dña. María Carmen Silva Rego, concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade do Concello de Vigo (P3605700H), en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades, recoñécense mutua capacidade para a subscripción deste convenio e, no nome das entidades que representan,

MANIFESTAN

Primeiro. A consellería é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, as atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido no Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Dentro dese ámbito competencial, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, atribúelle á consellería, en tanto órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas, a competencia para tramitar e resolver os procedementos de integración de bibliotecas públicas ou servizos bibliotecarios na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Segundo. O concello, no exercicio das competencias que lle son propias, solicitou a integración na Rede de bibliotecas de Galicia da Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas (en diante, a biblioteca). Este centro ten a consideración de biblioteca pública, de conformidade co establecido no artigo 19 da Lei 5/2012, do 15 de xuño.

Logo de aprobada a dita integración mediante Orde do 21 de xullo de 2010 pola que se crea e se integra na Rede de Bibliotecas de Galicia a Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas, de Vigo.(DOG num. 163, do 25 de agosto) da consellería competente, fíxose efectiva mediante a sinatura dun convenio de colaboración. Posteriormente, co obxecto de dar cumprimento ao establecido na disposición adicional oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas, as partes asinaron un novo convenio en 2020.

O período de vixencia do convenio estableceuse en catro anos, con posibilidade de prorrogalo por un período de ata catro anos adicionais, por acordo das partes.

Terceiro. A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas de Galicia como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias.

Ambas as dúas institucións teñen o convencemento mutuo de que a integración da Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas na Rede de Bibliotecas de Galicia facilita o acceso á cultura da cidadanía galega.

Mediante esta integración asegúrase o acceso aos recursos compartidos da Rede de bibliotecas en formato físico a través do Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria e, en formato dixital, a través da plataforma de préstamo electrónico *GaliciaLe*, de acceso aberto e gratuíto para as persoas usuarias das bibliotecas de Galicia, así como outros servizos que se poidan poñer en marcha.

Se ben as partes reafirman a súa vontade de seguir mantendo a integración da biblioteca na Rede de Bibliotecas públicas de Galicia, resulta preciso modificar as cláusulas do convenio anterior co fin de recoller con maior precisión os compromisos das partes, especialmente aqueles que teñen unha incidencia directa na prestación do servizo e no exercicio dos dereitos das persoas usuarias, polo que resulta oportuna a formalización dun novo convenio de colaboración.

En virtude de todo o exposto, as dúas partes acordan asinar este convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é a colaboración entre as partes para renovar o compromiso de integración da Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, coa finalidade de mellorar o acceso da cidadanía ao libro e a lectura tanto en formato físico como dixital.

SEGUNDA. OBRIGAS DO CONCELLO

1. O Concello comprométese a cumprir as obrigas derivadas da súa inclusión na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia a tenor do disposto na Lei 5/2012, do 15 de xuño e demais normativa de aplicación en materia de bibliotecas, e en particular:

- a) Dotar a biblioteca do orzamento suficiente para o seu funcionamento.
- b) Dotar o centro bibliotecario, de forma estable e permanente, do persoal con competencias profesionais suficientes e adecuadas para prestar un servizo bibliotecario de calidade, baixo a dependencia do organismo titular do servizo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

- c Colaborar coa Consellería na formación e perfeccionamento do persoal do servizo bibliotecario, facilitando a súa participación nas actividades formativas que se organicen, especialmente aquelas promovidas pola Consellería, a Escola Galega de Administración Pública e outras institucións con competencias na formación continua do persoal das Administracións públicas.
- d Dispoñer dun catálogo informatizado de acceso público, mantelo debidamente actualizado e facilitar a súa visualización a través da súa integración no Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria da Rede.
- e En relación coa participación no Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria proporcionado pola Xunta de Galicia:
 - Manter un único rexistro de usuario por lector para toda a Rede de Bibliotecas de Galicia, xestionando e emitindo os carnés de usuario atendendo ao formato e nas condicións establecidas pola Consellería e mantendo permanentemente actualizada a información relativa a aqueles.
 - Cumprir as normas técnicas de funcionamento da Rede de bibliotecas de Galicia para a xestión de usuarios, catalogación e rexistro de exemplares, políticas de préstamo e outras que se establezan, co fin de acadar un funcionamento da rede homoxéneo e coordinado e ofrecer un mellor servizo á cidadanía.
 - Contar co equipamento informático e medios técnicos auxiliares para o mantemento do sistema e a xestión de carnés.
 - Comunicar as incidencias a través das canles que estableza a Consellería, e colaborar para a súa resolución.
- f Manter as seguintes condicións mínimas, como garantía dun servizo bibliotecario de calidade:
 - Establecer un horario de apertura mínimo de tres días á semana e 15 horas semanais.
 - Prestar os servizos de atención, información e orientación para o uso da biblioteca e dos seus servizos; información bibliográfica e de referencia; lectura e consulta en sala; préstamo individual e colectivo; acceso á información dixital a través de Internet ou as redes análogas que se poidan desenvolver, así como orientación para o seu manexo.
 - Contar cunha superficie e espazos equipados e adecuados aos servizos que se prestan e á poboación á que dá servizo á biblioteca, con condicións de acceso adaptado para persoas con mobilidade reducida.
 - Manter un fondo bibliográfico suficiente, diverso e actualizado, atendendo as necesidades lectoras da súa poboación e, en especial, das persoas con discapacidade ou con maiores dificultades lectoras.

- Manter a disposición das persoas usuarias unhas normas de funcionamento que regulen como mínimo os seus dereitos e obrigas e os mecanismos de suxestión, queixa e participación.

Para os efectos do cumprimento das anteriores condicións, no caso de que os servizos bibliotecarios obxecto deste convenio constitúan unha rede municipal, considerarase a rede no seu conxunto.

- g Facilitarlles ás persoas usuarias da biblioteca o acceso aos servizos comúns da Rede, especialmente o acceso á plataforma de préstamo electrónico e outros que poidan establecerse.
- h Remitirlle á Consellería, a través dos medios e nos prazos que se establezan, a información estatística anual, así como calquera información que se solicite relativa ao servizo bibliotecario.
- i Fomentar a participación do centro bibliotecario na Rede e nos programas que nesta se establezan, facilitando a interconectividade técnica e semántica, o uso de software, os estándares necesarios para o intercambio e acceso á información e a adopción das normas e manuais de procedemento que se establezan para as bibliotecas da Rede.
- j Participar nos programas de préstamo interbibliotecario, facilitando orixinais ou copias dos documentos solicitados, correndo por conta do centro demandante o gasto que daquel puidera derivar.
- k Colaborar coa Consellería na recuperación, conservación e dispoñibilidade pública do patrimonio bibliográfico galego e da documentación de interese para Galicia, debendo facilitar que se leven a cabo os programas de conservación, dixitalización ou rexistro e gravación noutros soportes dos materiais de interese para Galicia, promovidos polo dito órgano, facilitando a súa copia e colaborando na súa recollida e conservación.
- l Comunicarlle á Consellería o peche temporal ou definitivo da biblioteca así como, de ser o caso, a reapertura e as condicións desta, e calquera outra circunstancia que supoña unha modificación da información obrante no Directorio de Bibliotecas de Galicia. Esta comunicación deberá realizarse cunha antelación mínima de dez días antes de que se produza o cambio de estado ou circunstancias da biblioteca, agás que, por causas excepcionais non se poida prever con esta antelación; nese suposto deberá realizarse a comunicación do prazo máximo de tres días desde que se producira.

2. O Concello reconece os estándares fixados polo Mapa de Bibliotecas de Galicia e, en consecuencia, asume que as futuras actuacións que se leven a cabo na biblioteca, e teñan incidencia na súa dotación ou funcionamento, deben ter como obxectivo achegarse a aqueles estándares nos que a biblioteca non acade un grao de adecuación suficiente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

TERCEIRA. OBRIGAS DA CONSELLERÍA

A Consellería comprométese a:

- a) Manter integrada a biblioteca na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.
- b) Incorporar a biblioteca no Catálogo único da Rede de Bibliotecas de Galicia, dotándoa do software necesario para a súa informatización a través do Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria. Promover o mantemento e actualización do dito software para a súa adecuación ás necesidades da Rede de Bibliotecas públicas de Galicia.
- c) Coordinar e asesorar á biblioteca nos procesos técnicos de xestión do Catálogo único da Rede de bibliotecas públicas de Galicia.
- d) Adoptar e adaptar para a Rede as normas bibliográficas internacionais e outros estándares de xestión e intercambio da información, e elaborar os procedementos técnicos de xestión do Catálogo único da Rede de bibliotecas de Galicia.
- e) Proporcionarlles ás persoas usuarias da biblioteca o acceso ao carné único da Rede de bibliotecas Públicas de Galicia e á Plataforma de préstamo electrónico.
- f) Prestar o apoio técnico necesario para acadar servizos bibliotecarios de calidade, en especial asesorando ao Concello, se así o solicita, nos procesos de selección de persoal.
- g) Promover a realización de accións formativas destinadas ao persoal dos servizos bibliotecarios públicos.
- h) Organizar o sistema de préstamo interbibliotecario e o acceso do centro bibliotecario aos fondos de calquera outro centro da rede, en orixinal ou copia.
- i) Integrar o centro bibliotecario en programas de recuperación, conservación, dixitalización ou rexistro en calquera outro sistema de memoria, de materiais de interese local ou galego, ademais de facilitar o acceso aos resultados destes programas.

CUARTA. OBRIGAS FINANCEIRAS

A execución deste convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros, salvo a organización de actividades formativas e os plans e proxectos de cooperación establecidos anualmente nos que os gastos se instrumentarán xuridicamente a través dos correspondentes procedementos administrativos segundo a lexislación aplicable.

QUINTA. RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa, polo que a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 29 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.
- Artigo 24 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Artigo 21 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Real decreto 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas.
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas.
- Artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude..
- Orde do 21 de xullo de 2010 pola que se crea e se integra na Rede de Bibliotecas de Galicia a Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas, de Vigo.(DOG num. 163, do 25 de agosto).

SEXTA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola persoa titular da Dirección Xeral de Cultura da Consellería e pola persoa titular da Alcaldía do Concello de Vigo, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

SÉTIMA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución deste convenio, de conformidade co establecido no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro:

- O mutuo acordo expreso das partes asinantes, manifestado en calquera momento.
- A vontade de calquera das dúas partes, comunicada por escrito á outra parte con tres meses de antelación.
- O incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas deste convenio, que facultará á outra parte a rescindilo.
- O peche definitivo dos servizos bibliotecarios que constitúen o seu obxecto.

OITAVA. FIN DA PERTENZA Á REDE

A finalización do período de vixencia do convenio sen que as partes manifesten a súa vontade de renovalo, así como a súa resolución, sexa cal sexa a súa causa, implicará o fin da pertenza da biblioteca á Rede de Bibliotecas de Galicia. En consecuencia, nin a propia biblioteca nin as persoas usuarias dela poderán seguir accedendo aos servizos que a Rede proporciona en exclusiva para os seus membros, especialmente os derivados da inclusión no Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria e o acceso á plataforma de préstamo dixital GaliciaLe.

Para o suposto de que a biblioteca deixe de pertencer á rede, as partes asumen os seguintes compromisos:

1. A Consellería entregalle ao Concello os ficheiros cos datos do catálogo da biblioteca e dos seus usuarios necesarios para a continuación da súa actividade fóra da Rede de Bibliotecas de Galicia; previa comunicación aos titulares dos datos e apertura dun prazo para que, no seu caso, manifesten o seu desacordo; segundo o establecido na normativa de protección dos datos persoais.
- a O Concello deberá levar a cabo as actuacións necesarias para informar as persoas usuarias acerca da nova situación da biblioteca e da finalización dos dereitos asociados á pertenza á rede.

NOVENA. TRANSPARENCIA

A partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMA. ROLES E RESPONSABILIDADES NA PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

O Concello, directamente ou a través do órgano que corresponda, terá a consideración de responsable do tratamento dos datos persoais das persoas usuarias da biblioteca.

Pola súa banda, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, a través da súa Secretaría Xeral Técnica, será responsable do tratamento dos datos persoais que se deriven da xestión dos servizos da Rede de bibliotecas de Galicia. Así mesmo, será responsable, xunto co Ministerio de Cultura, dos datos persoais que se deriven da xestión do servizo de préstamo dixital eBiblio, integrado na plataforma GaliciaLe.

A base lexitimadora do tratamento por parte dos referidos responsables será o cumprimento dunha misión realizada en interese público, fundamentada no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia e na Lei 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas.

Con base no anterior, o Concello e a Consellería obríganse:

- A garantir o cumprimento do deber de información ás persoas usuarias da biblioteca conforme ao previsto nos artigos 13 e 14 do Regulamento xeral de protección de datos (en diante, RXPD).

En particular, o Concello informará ás persoas afectadas da comunicación dos seus datos persoais á a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e ao Ministerio de Cultura coas finalidades anteriormente referidas.

- A dar cumprimento aos restantes principios relativos ao tratamento dos datos persoais establecidos no RXPD, en particular ao principio de integridade e confidencialidade, aplicando para iso as medidas de seguridade previstas no Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade conforme ao esixido pola



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

Disposición adicional primeira da LOPDGDD. Así mesmo, no caso de que a información que poida extraerse da Rede de Bibliotecas de Galicia a través do Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria polas persoas con acceso autorizado para o desempeño do seu labor, fose tratada en soporte non automatizado, ambas entidades coidarán de que se adopten as medidas necesarias para o seu correcto almacenamento e custodia, tanto nos momentos nos que se estea utilizando e durante o seu arquivo, no caso de posibles traslados e no momento de desbotala ou destruíla.

- A velar porque as persoas autorizadas para acceder ao Sistema Integrado de Xestión Bibliotecaria respecten a confidencialidade, cumpran as medidas de seguridade aplicables e utilicen os datos persoais unicamente para as finalidades taxadas pola normativa aplicable e as previstas no presente convenio, implementando para iso as medidas e controis que resulten necesarios.
- A colaborar e a asistirse mutuamente na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal ás persoas interesadas, mediante as medidas técnicas e organizativas oportunas, para que ambos, como responsables, poidan cumprir coa súa obriga de atender as citadas solicitudes no prazo previsto pola normativa vixente. Neste sentido, o concello deberá atender directamente as solicitudes de exercicio de dereitos que formulen as persoas usuarias da biblioteca, agás as referidas á supresión dos datos, para as que debe consultar á Consellería.
- A comunicarse mutuamente, de forma inmediata e aplicando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais das que teñan coñecemento que puidesen afectar á información contida na Rede de Bibliotecas de Galicia, xunto con toda a información pertinente para a documentación e comunicación da incidencia, se fose o caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao disposto no artigo 33 do RXPD.
- A respectar as condicións establecidas no RXPD para recorrer a un encargado do tratamento dos datos persoais.

UNDÉCIMA. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas

xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO SEGUNDA. VIXENCIA

Este convenio terá unha vixencia de catro anos a partir do día seguinte ao da súa sinatura. Antes do remate deste prazo, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese no lugar arriba indicado.

9(920).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR”. EXPTE. 2005/441.

Visto o informe xurídico de data 31/10/2024 e o informe de fiscalización do 05/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/10/2024, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

I.- O actual edificio administrativo e institucional da Casa Consistorial de Vigo foi inaugurado en 1976, resultado da colaboración e proposta arquitectónica realizada coa subdelegación do Colexio de Arquitectos en Vigo, na que participaron ate 22 arquitectos da cidade, sendo alcalde o Sr. Antonio Ramilo Fernández Areal.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

Tras máis de 48 anos da súa construción, e tras sufrir diversas modificacións, entre elas a cubrición das súas terrazas orixinais e da lonxa de aceso, é necesario proceder a súa mellora técnica, estética e funcional, dunha forma racional, flexible e operativa, na que se busca unha harmoniosa integración no tecido urbano e no paisaxe circundante.

A rehabilitación consistorial forma parte das actuacións estratéxicas incluídas na Axenda Urbana de Vigo (aprobada en XGL en data 12 de setembro de 2022), contribuíndo a alcanzar os retos xa identificados pola mesma como son: ambientais -edificios sostibles e potenciación do patrimonio urbano e natural circundante-, os sociais -xeración de espazos de convivencia e ocio urbanos- e os culturais – potenciación da cultura para que sea o motor económico, turístico e administrativo da cidade, e beneficie á totalidade dos veciños de Vigo e a súa comarca, así como de aqueles que a visiten.

II.- O Concello de Vigo encomendou unha serie de traballos preliminares para coñecer o estado do edificio, entre outros, un Estudo de patoloxías do inmovible (Expte. 515-441), un Plan director para a mellora funcional do edificio “CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO”(Expte. 831-441) e a emisión das certificacións enerxéticas do mesmo. Nos mesmos, detectáronse importantes problemas de filtración de humidades cara o interior de edificio, evidenciándose no deterioro dos paramentos interiores, así como na formación de goteiras, o que supón un grave risco no referente ás instalacións eléctricas e de alumeadado, e impiden o desenvolvemento das tarefas dos traballadores do Concello de Vigo en condicións normais. A causa das humidades, estanse a producir no formigón desprendementos de materiais, que podería causar problemas estruturais no futuro.

A localización do edificio, especialmente exposto ás inclemencias meteorolóxicas; a configuración inicial da envolvente da fachada, constituída por aplacado de pedra pegada e o paso do tempo fan que as filtracións de auga se produzan con asiduidade.

III.- O Concello de Vigo encomendou os traballos de asistencia técnica para a obter un levantamento tridimensional de alto detalle do edificio do Concello de Vigo, empregando as técnicas de escaneo con láser terrestre (TLS) e a execución dun voo UAV para obter todos os aspectos formais exteriores do edificio. Expte. N° 1365/441.

IV.- En data 11.03.2022 publícase no BOE a Orde TMA/178/2022, do 28 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública (PIREP local) e a convocatoria para a presentación de solicitudes polo procedemento de concorrencia competitiva no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A referida Orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras, os requisitos e os procedementos para a selección e concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a rehabilitación de edificios cuxa titularidade corresponda ás Entidades Locais e que sexan ou vaian destinarse a uso público.

V.- En data 09.06.2022, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou:

- Aprobar o documento de síntese de estudos do plan director para a mellora funcional do edificio

“CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo arquitecto Ángel J. Santorio Cuartero.

- Aprobar a participación do Concello de Vigo na LINEA 2 da CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE TITULARIDADE PUBLICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, DE ACORDO COA ORDE TMA/178/2022, DE 28 DE FEBREIRO DE 2022 PUBLICADA POLO MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA, e presentar, entre outras, as seguintes propostas:
 - Fase 1: A Base. Rehabilitación integrada do Concello de Vigo para a mellora da eficiencia enerxética por valor de 4.604.026,56 € (+ IVA) e cun financiamento con cargo al PRTR por importe de 3.000.000 €.
 - Fase 2: Torre. Rehabilitación integrada do Concello de Vigo para a mellora da eficiencia enerxética e transformación dos espazos da torre para a súa adecuación a novas funcionalidades e modos de traballo por valor de 4.723.419,88 € (+ IVE) e un financiamento con cargo ao PRTR de 3.000.000€.

VI.- En data 26.06.2023 publícase a resolución definitiva pola que se concede ao Concello de Vigo a aprobación da FASE II. TORRE. REHABILITACIÓN INTEGRAL. EFICIENCIA ENERXÉTICA E TRANSFORMACIÓN DE ESPAZOS, e se concede unha axuda de 3.000.000 € para a súa execución antes do 30 de xuño de 2026.

VII.- Nos últimos meses debido as duras condicións climatolóxicas, víronse agravadas as diferentes patoloxías distribuídas en toda a envolvente identificadas nos estudos mencionados, incluído na base do edificio, provocando que parte do persoal tivese que ser desprazado a outras dependencias para poder continuar co desenvolvemento das súas funcións. Os problemas de filtracións teñen a súa orixe no revestimento de fachada, configurándose as cubertas da base do edificio e as xardineiras da planta 1 e 2 como zonas críticas de entrada da auga, polo cal considérase necesario actuar sobre o edificio no seu conxunto para poder resolver os problemas máis perentorios da edificación.

Asemade, para a execución das obras na torre, a disposición de andamiaxe e de maquinaria para traballos en altura debe realizarse dende a planta baixa, que dá acceso aos espazos de recepción da cidadanía e de atención ao público. Debido a esta configuración funcional do edificio, durante a execución dos traballos é moi importante asegurar a compatibilidade da execución da obra e das tarefas administrativas, polo que a nivel operacional é máis recomendable ampliar o ámbito de actuación inicial na torre, intervindo tamén na base do edificio, o que resulta fundamental para solucionar as patoloxías xa indicadas e mellorar o illamento da envolvente térmica do edificio completo, cunha afección menor no tempo na operativa da Casa Consistorial.

Por último, un dos obxectivos perseguidos con esta actuación é o de mellorar a imaxe en conxunto do edificio da Casa Consistorial, que debido a súa localización elevada no monte do Castro constitúe un elemento de gran visibilidade dende toda a cidade. Resulta indubidable que actuar só nunha parte do conxunto do edificio, produce unha disrupción no punto de encontro entre a torre e a base, que afectaría a imaxe global e na integración coa contorna.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

Polo que en base a ditos condicionantes técnicos, para poder adecuar a proposta presentada ás necesidades do Concello e da convocatoria, propónse estudar a posibilidade de realizar unha actuación integrada en todo o edificio destinada á mellora da eficiencia enerxética e eliminación de patoloxías en toda a envolvente do edificio, co obxectivo de reducir en polo menos un 30% o consumo de enerxía primaria non renovable.

A premisa fundamental a seguir no esquema de intervencións acordado é a de reverter a imaxe actual do edificio, por medio da súa actualización estética e funcional, lograr un edificio de imaxe actual e contemporánea, e, á súa vez, innovador desde o punto de vista da súa eficiencia enerxética, de forma que tenda a resultar un edificio cun balance enerxético cero, a parte da redución en emisións de CO₂ e aforro enerxético.

VIII.- Tendo en conta o anterior, en xuño de 2024, os arquitectos municipais David Carvajal Rodríguez-Cadarso e Juan Luis Piñeiro Ferradás redactan e presentan o anteproxecto de “REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR”, cun orzamento estimado de 8.466.899,98 € (Ive engadido), que servirá como base para a contratación do servizo de redacción do devandito proxecto.

A finalidade do mesmo é definir unha actuación integrada en todo o edificio destinada a mellorar a eficiencia enerxética e eliminar patoloxías en toda a envolvente do edificio, co obxectivo de reducir como mínimo un 30% do consumo de enerxía primaria non renovable.

O obxectivo a acadar é reverter a imaxe actual do edificio, actualizándoo estética e funcionalmente, logrando un edificio cunha imaxe actual e contemporánea, e, ao mesmo tempo, innovadora dende o punto de vista da eficiencia enerxética, polo que tende a dar como resultado un edificio cun balance enerxético cero, ademais da redución de emisións de CO₂ e o aforro enerxético.

Este anteproxecto identifica con maior precisión a natureza das patoloxías a abordar así como as características que debe de cumprir a solución técnica da envolvente a executar para cumprir con:

- Os principios da New European Bauhaus recollidos na convocatoria e que inspiraron a proposta aprobada: mellora da envolvente que ofrece unha maior protección solar; recuperación e adaptación das solucións bioclimáticas existentes na envolvente orixinal; unha mellor adaptación á linguaxe contemporánea que facilite a súa integración na paisaxe urbana de Vigo.
- Os obxectivos de redución do consumo de enerxía primaria non renovable como mínimo nun 30 % sinalados pola convocatoria.
- Os tipos de actuación que permite a convocatoria para a mellora da eficiencia enerxética (Tipo A).
- As propostas de intervención aprobadas no Plan Director de Mellora Funcional do Edificio do Concello do Concello de Vigo.

- O prazo de execución comprometido coa proposta aprobada e incluída na convocatoria.

IX.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en datas 13 e 14 de xuño de 2024, emítase informe de necesidade e idoneidade asinado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, pola Técnica de Xestión, polo Xefe da Área de Servizos Xerais e polo Xefe da Área de Inversións, ao abeiro do cal en data 14 de xuño de 2024, o Concelleiro da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do expediente de contratación.

X.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, pola Técnica de Xestión, polo Xefe da Área de Servizos Xerais e polo Xefe da Área de Inversións en datas 13 e 14 de xuño de 2024, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 14.06.2024.
- c) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 14.06.2024.
- d) Certificado de crédito asinado pola Dirección superior Contable e Orzamentación en data 17.06.2024.
- e) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 20.06.2024.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada pola servizo xestor e asinada en datas 23 e 24.10.2024.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 25.10.2024.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 25.10.2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

III.- PROPOSTA:

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do “SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS DE “REHABILITACIÓN DA ENVOLVENTE EXTERIOR DA CASA CONSISTORIAL DO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PRTR.””.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 20.06.2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 25.10.2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe total de CENTO SETENTA E TRES MIL NOVECIENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS (173.975,92 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 30.194,17 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9330.632.00.27, proxecto de gasto 24933027, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	17.397,59 €
2025	156.578,33 €

Quinto.- Para posibilitar a execución do contrato proxectado, conforme ao cronograma de traballo previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 900 %.

Sexto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(921).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A “SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO GRADERÍO DO CAMPO DE FÚTBOL DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL”. EXPTE. 6428/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta do 12/11/2024, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Por parte da Concellería de Deportes, remítese proxecto básico e de execución para a “SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO GRADERÍO DO CAMPO DE FÚTBOL DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA MIL SETECENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (130.765,44 €)

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 03.06.2024 c, en vista do informe-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

proposta do Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- A actuación se desenrola no Complexo polideportivo de Samil, Avda. Samil nº 32, 36212, Concello de Vigo.

O obxecto do proxecto e a substitución do material de cobertura da cuberta do graderío do campo de fútbol do Complexo Polideportivo de Samil para resolver os problemas existentes de oxidacións xeneralizadas na cuberta do graderío pola proximidade da instalación deportiva ó mar e por razóns de seguridade.

Ademais da substitución da cuberta de chapa, por cuberta de paneis de chapa de aceiro de 0,6 mm en perfil comercial prelacado para ambiente mariño, será preciso executar a reparación da totalidade da estrutura de aceiro existente (tensores metálicos, cruces de San Andrés, piares metálicos, cazoletas de apoio das viguetas de madeira laminada, etc) xa que tamén se atopan afectados por procesos de oxidación. Nestes elementos procederase a eliminar as oxidacións superficiais e a renovar a protección de galvanizado.

Plantéxase a substitución do material de cobertura da cuberta do graderío respectando a forma existente. A sección da cuberta inclúe un tramo cunha curva pronunciada, na zona máis próxima ó graderío, e un tramo practicamente recto na zona da cuberta que voa sobre as bancadas. A superficie total aproximada é de 984 m².

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SESENTA) 60 días naturais.

IV.- A Enxeñeira Técnica de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal emite en data 27.05.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O complexo polideportivo de Samil xurde dunha concesión administrativa outorgada por O.M. de 3 de decembro de 1974 dentro da concesión outorgada por O.M. de 14 de decembro de 1964 para un complexo urbanístico.

Segundo o Planeamento vixente, Subsanción de deficiencias do PXOU de Vigo de 1988 á lei 11/85 de adaptación da do solo a Galicia (aprobación definitiva da COTOP do 29/04/1993 -DOG 10-05-93), trátase dunha parcela con calificación de Ordenanza dotacional 3.2 Dotacional Deportiva.

As obras a executar son obras de mantemento da edificación existente polo que son obras permitidas polas ordenanzas de aplicación.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se

traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."

V.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución de data 04.11.2024 do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra, informando que non existe inconveniente en acceder á solicitude formulada polo Concello de Vigo , para levar a cabo a execución das obras de "SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO GRADERÍO DO CAMPO DE FÚTBOL DO COMPLEXO DEPORTIVO DE SAMIL", por tratarse de obras de reparación de instalacións existentes, cuxo estado actual supón un risco para a seguridade das persoas debido ao perigo de desprendemento e derrube de partes de dita cuberta a substituír e amparadas inicialmente polo título concesional outorgado ao Concello de Vigo para a construción dun complexo polideportivo en terreos de zona de dominio publico marítimo terrestre (DPMT) na praia de Samil (Orden Ministerial de data 3 de decembro de 1974), sen prexuízo do que se derive da tramitación do expediente de solicitude de prorroga extraordinaria.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *"non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)"*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución para a "SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO GRADERÍO DO CAMPO DE FÚTBOL DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL", redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO TRINTA MIL SETECENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (130.765,44 €) e de data da sinatura dixital 21 de maio de 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(922).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE TRES VEHÍCULOS, MEDIANTE A MODALIDADE DE RENTING. EXPTE. 16461/445.

Visto o informe xurídico de data 30/10/2024 e o informe de fiscalización do 05/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/10/2024 coa corrección de erros do 12/11/2024, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O parque móbil do Concello de Vigo componse actualmente de 203 vehículos, desempeñando todos eles diferentes funcións, tendo practicamente a totalidade deles motores de combustión térmica. A normativa cada vez máis restritiva dende o punto de vista ambiental e de emisións de CO₂, fan necesario a mellora e renovación paulatina destes vehículos dun modo sostible.

Asemade, a maioría destes vehículos están destinados aos distintos servizos municipais (obras, xardíns, etc), non dispoñendo de turismos adecuados para os desprazamentos a reunións de traballo, inspeccións, etc... no termo municipal ou fora do mesmo, circunstancia que ven sendo requirida por persoal e autoridades en diferentes momentos.

Por conseguinte, expónse a contratación da subministración de 3 vehículos, mediante un alugueiro a longo prazo con todos os servizos incluídos, na modalidade de renting, para cubrir a demanda dun vehículo híbrido e dous vehículos eléctricos ao servizo do persoal e autoridades do Concello de Vigo.

II.- En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste contrato, en data 30.07.2024, emítese informe de necesidade e idoneidade asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e pola Xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario (Resolución do Concelleiro de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes de data 24.07.2024), ao abeiro do cal na mesma data o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes acorda o inicio do expediente de contratación.

III.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado en data 30.07.2024, emítese informe de necesidade e idoneidade asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e pola Xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario (Resolución do Concelleiro de Área de

Goberno de Fomento, Servizos e Deportes de data 24.07.2024), onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.

b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 30.07.2024.

c) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e conformado pola Xefe da Área de Servizos Xerais en data 21.08.2024.

d) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 29.08.2024.

e) Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable municipal en data 30.08.2024.

f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 16.10.2024.

g) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 17.10.2024.

h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 24.10.2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ó Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional Segunda, apartado 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

Terceiro.- De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a súa división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

Quinto.-Tramitación anticipada de gasto. De conformidade coa disposición adicional 3ª.2 da LCSP poderanse tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente.

Sexto.-Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello.

Sétimo.- É preceptiva a previa aprobación do expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP e Disposición Adicional 8ª.e) da Lei 7/85 de 2 abril de Bases de Réxime Local; así como a incorporación do certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Oitavo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, do “**SUBMINISTRO DE TRES VEHÍCULOS PARA O CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE A MODALIDADE DE RENTING**”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e conformado pola Xefe da Área de Servizos Xerais en data 21.08.2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado pola Xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 24.10.2024.

Cuarto- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **SETENTA E DOUS MIL TRESCENTOS CORENTA E TRES EUROS con SESENTA E OITO CÉNTIMOS (72.343,68 €)**, IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de 12.555,51 €.

Por ter o financiamento carácter plurianual aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9202 2040000.- “Aluguer vehículos sen conductor”, de acordo coas seguintes anualidades:

Anualidade	2025	2026	2027
Lote 1	12.085,90 €	15.320,16 €	3.234,26 €
Lote 2	12.221,40 €	20.851,68 €	8.630,28 €
Total	24.307,30 €	36.171,84 €	11.864,54 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Prórroga do “Programa de xestión das axudas do programa Next Generation UE”. Expte. 10701/106.
- .- Expediente de contratación do subministro para adquisición dunha escultura en honor ao escritor Domingo Villar, do artista Pedro Dobao. Expte. 5742/330.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

12(923).- PRÓRROGA DO “PROGRAMA DE XESTIÓN DAS AXUDAS DO PROGRAMA NEXT GENERATION UE. EXPTE. 45562/220.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 13/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/11/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos le Formación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en data 18 de novembro de 2021, acordou :

“PRIMEIRO.- Aprobar o “Programa de xestión das axudas do programa Next Generation UE», que se concreta na declaración de urxencia do nomeamento dos funcionarios interinos que se sinalan no apartado que segue.

SEGUNDO.- Declarar a urxencia do nomeamento de funcionarios interinos para a execución do devandito programa: 4 Enxeñeiros/as de Camiños, Canais e Portos, 3 Enxeñeiros/as Industriais, 2 Técnicos/as de Sistemas, 3 Técnico/as de Administración Xeral, 2 Técnicos/as de xestión de programas europeos, 2 auxiliares administrativos, por execución de programa de carácter temporal, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP.

O persoal descrito adscribirase orgánica e funcionalmente ao Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento sen prexuízo do desenvolvemento das súas funcións nos diferentes servizos xestores municipais ao tratarse dun programa de carácter transversal.”

II.- Os nomeamentos asociados á execución do programa temporal foron realizados ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, nos expedientes 38903/220 por acordos da XGL de 21/01/2022, 02/02/2023 e 20/04/2023, finalizando o 27/01/2025, data na que se cumpren os tres anos do programa.

III.- En data de 23/10/2024 o Xefe do Servizo administrativo e control orzamentario coa conformidade do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, solicita en base a xustificación que obra no expediente a prórroga do programa de xestión das axudas do programa Next Generation UE, tendo en conta a non finalización das tarefas encomendadas (artigo 10.1.c) do TREBEP), así como a continuidade dos medios humanos actualmente adscritos á execución do programa:

2 enxeñeiros/as de camiños, canais e portos (Subgrupo A1)

2 enxeñeiros/as industriais (Subgrupo A1)

1 técnico/a de xestión (Subgrupo A2), trala renuncia efectuada pola outra técnica de xestión con efectos de 24/10/2024.

1 auxiliar administrativo/a (subgrupo C2)

IV.- En base ao anterior, a concellería competente ordena incoar expediente administrativo, dispoñendo a tramitación administrativa que resulte procedente conforme á normativa vixente.

V.- Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto asociado á prórroga por un período de 1 ano, dos medios humanos adscritos ao programa “NEXT GENERATION UE” de data 06/11/2024:

“Toda vez que o persoal vixente a data de hoxe finalizaría a súa relación laboral 27/01/2025, os custes dos nomeamentos propostos, co incremento do 2,5% nos anos 2025 e 2026, serían os seguintes:

Custo total	361.922,53 €
Total retribucións período 28/01/2025-31/12/2025	259.047,75 €
Total retribucións período 28/01/2025-31/12/2025	26.176,23 €
	285.223,98 €

Posto	Nº GR	BAS.	TOTAL 2025 (inicio 28/01/2025)			
			CD	CE	SS	
Enx. Cam.	2A1		33.402,34 €	22.246,07 €	40.424,98 €	25.824,21 €
Enx. indust	2A1		33.402,34 €	22.246,07 €	40.424,98 €	25.824,21 €
Tco xestión	1A2		14.686,10 €	9.868,31 €	17.093,12 €	11.159,72 €
Aux Adtvo.	1C2		9.534,12 €	5.574,86 €	10.144,45 €	6.851,45 €
			91.024,90 €	59.935,31 €	108.087,54 €	69.659,60 €

Posto	Nº	GR	TOTAL 2026 (01/01/2026-27/01/2028)			
			BAS.	CD	CE	SS
Enx. Cam.		2A1	3.375,24 €	2.247,92 €	4.084,86 €	2.609,48 €
Enx. indust		2A1	3.375,24 €	2.247,92 €	4.084,86 €	2.609,48 €
Tco xestión		1A2	1.484,00 €	997,17 €	1.727,22 €	1.127,67 €
Aux Adtvo.		1C2	963,40 €	563,33 €	1.025,08 €	692,33 €
			9.197,88 €	6.056,34 €	10.922,02 €	7.038,96 €

Xa foi informado en data 03/10/2024 (expediente 44929-220 -Tramite 54) asinado polo equipo de traballo para a elaboración do anteproxecto de Capítulo I dos Orzamentos Municipais 2025 e conformado pola Xefatura da Area, que o crédito inicial da aplicación orzamentaria 92001400000 “Outras mod.nomeamento persoal temporal non permanente (INTERINOS SIN PLAZA)”, foi dotada cun importe de 400.000,00€.

Así mesmo xa se sinala no mesmo informe, que o importe do gasto autorizado e comprometido para o ano 2025 (AFUTs) ascende a un total de 49.607,29 €. Polo tanto, o saldo dispoñible, unha vez aprobados os orzamentos, ascendería a 350.392,71 €.

Toda vez o inicio da prórroga do programa, no caso de ser aprobado, non se iniciaría ata o 28/01/2025, disporase dos créditos dos postos vacantes non utilizados no mes de xaneiro 2025 para a realización da pertinente modificación de crédito para dar cobertura orzamentaria ao gasto do presente expediente así como aos nomeamentos interinos informados nos expedientes 45182-220 e 45187-220”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que

una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Xustificación da urxencia e prórroga do “Programa de xestión das axudas do programa Next Generation UE»”.

Segundo consta na solicitude recibida referida nos antecedentes de este informe resulta precisa a prórroga polo prazo de doce meses máis, literalmente “(...)Na actualidade se atopan en fase de execución proxectos cofinanciados a través de fondos do PRTR Next Generation EU, que abarca un marco estable de financiamento durante o período 2021-2026 (Addenda da 2º fase do PRTR, que foi aprobada pola Comisión Europea en data 02.10.2023), e que de acordo coas convocatorias de cada un dos programas financiados no marco do PRTR, os prazos de execución e xustificación se estenden durante todo o ano 2025 así como para o ano 2026, do cales destacan os seguintes expedientes:

- 1046-441 - programa de axudas para os concellos para a implantación de zonas de baixa emisión e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do prtr

- 1253-441 - participación do ayuntamiento de vigo a la convocatoria de ayudas para la rehabilitación de edificios de titularidad pública en el marco del plan de recuperación, transformación y resiliencia, de acuerdo con la orden tma/178/2022, de 28 de febrero de 2022;

-1352-441 - participación do concello de vigo na convocatoria 2022 da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do prtr;

- 8158-104 - plan de sostenibilidade turística de vigo 2022;

-1383-441 - proposta de participación do concello de vigo na convocatoria 2022 do programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións no marco do prtr; -

- 1715-441 - declaración da xerencia municipal de urbanismo como ente instrumental para a execución do programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio relativo aos errp no municipio de vigo, no marco do prtr – nextgeneration_eu;

- 8437-104 - plan de sostenibilidade turística 2023;

- 8504-252 - solicitude axudas ao concello de vigo para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao mecanismo de recuperación e resiliencia da ue no marco do prtr etc.

V.- Á vista do exposto e tendo en conta a non finalización das tarefas do programa de xestión das axudas do programa next generation ue, **solicítase a súa ampliación por doce meses.”**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaoito meses (apartado d).

Consecuencia da prórroga do programa inicial aprobado pola Xunta reitora, procede a prórroga dos nomeamentos interinos solicitados, vinculados ao programa.

Nestes momentos:

- A. L. Graña Dieguez, con DNI ***7547** (Técnico/a de xestión)
- O. Parga Rodríguez, con DNI ***6529** (Enxeñeiro/a industrial)
- C. Camino Loureiro, con DNI ***8286** (Enxeñeiro/a industrial)
- F. Martínez Giráldez, con DNI ***7916** (Enxeñeiro/a camiños)
- M. Eiras Silva, con DNI ***0858** (Enxeñeiro/a camiños)
- J. M. Soto Hermida, con DNI ***0646** (Auxiliar de Administración Xeral)

Ditos nomeamentos serán revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate da prórroga do programa temporal, que acontecerá o día 27/01/2026.

Polo tanto o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e

concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica do gasto asociado á prórroga por un período de 1 ano, dos medios humanos adscritos ao programa “NEXT GENERATION UE” de data 06/11/2024:

“Toda vez que o persoal vixente a data de hoxe finalizaría a súa relación laboral 27/01/2025, os custes dos nomeamentos propostos, co incremento do 2,5% nos anos 2025 e 2026, serían os seguintes:

Custo total	361.922,53 €
Total retribucións período 28/01/2025-31/12/2025	259.047,75 €
Total retribucións período 28/01/2025-31/12/2025	26.176,23 €
	285.223,98 €

Posto	Nº	GR	TOTAL 2025 (inicio 28/01/2025)			
			BAS.	CD	CE	SS
Enx. Cam.		2A1	33.402,34 €	22.246,07 €	40.424,98 €	25.824,21 €
Enx. indust		2A1	33.402,34 €	22.246,07 €	40.424,98 €	25.824,21 €
Tco xestión		1A2	14.686,10 €	9.868,31 €	17.093,12 €	11.159,72 €
Aux Adtvo.		1C2	9.534,12 €	5.574,86 €	10.144,45 €	6.851,45 €
			91.024,90 €	59.935,31 €	108.087,54 €	69.659,60 €

Posto	Nº	GR	TOTAL 2026 (01/01/2026-27/01/2028)			
			BAS.	CD	CE	SS
Enx. Cam.		2A1	3.375,24 €	2.247,92 €	4.084,86 €	2.609,48 €
Enx. indust		2A1	3.375,24 €	2.247,92 €	4.084,86 €	2.609,48 €
Tco xestión		1A2	1.484,00 €	997,17 €	1.727,22 €	1.127,67 €
Aux Adtvo.		1C2	963,40 €	563,33 €	1.025,08 €	692,33 €
			9.197,88 €	6.056,34 €	10.922,02 €	7.038,96 €

Xa foi informado en data 03/10/2024 (expediente 44929-220 -Tramite 54) asinado polo equipo de traballo para a elaboración do anteproxecto de Capítulo I dos Orzamentos Municipais 2025 e conformado pola Xefatura da Area, que o crédito inicial da aplicación orzamentaria 92001400000 “Outras mod.nomeamento persoal temporal non permanente (INTERINOS SIN PLAZA)”, foi dotada cun importe de 400.000,00€.

Asi mesmo xa se sinala no mesmo informe, que o importe do gasto autorizado e comprometido para o ano 2025 (AFUTs) ascende a un total de 49.607,29 €. Polo tanto, o saldo dispoñible, unha vez aprobados os orzamentos, ascendería a 350.392,71 €.

Toda vez o inicio da prórroga do programa, no caso de ser aprobado, non se iniciaría ata o 28/01/2025, disporase dos créditos dos postos vacantes non utilizados no mes de xaneiro 2025 para a realización da pertinente modificación de crédito para dar cobertura orzamentaria ao gasto do presente expediente así como aos nomeamentos interinos informados nos expedientes 45182-220 e 45187-220”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

V.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VI.- Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 28/06/2024, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

I.- Prorrogar, en base aos informes que constan no expediente, por 12 meses (ata o 27/01//2026), o “Programa de xestión das axudas do programa Next Generation UE», aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 18 de novembro de 2021 (Expte. 1058/441) e os nomeamentos do persoal funcionario interino nomeado para a execución do mesmo, vinculados ao mesmo na actualidade:

- A. L. Graña Dieguez, con DNI ***7547** (Técnico/a de xestión)
- O. Parga Rodríguez, con DNI ***6529** (Enxeñeiro/a industrial)
- C. Camino Loureiro, con DNI ***8286** (Enxeñeiro/a industrial)
- F. Martínez Giráldez, con DNI ***7916** (Enxeñeiro/a camiños)
- M. Eiras Silva, con DNI ***0858** (Enxeñeiro/a camiños)

- J. M. Soto Hermida, con DNI ***0646** (Auxiliar de Administración Xeral)

A referida prórroga dos nomeamentos, farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración da prórroga do programa (27/01/2026) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos seguintes: Enxeñeiro/a de camiños (posto código 316), Enxeñeiro/a industrial (posto código 281), Técnico/a de xestión (posto código 179) e Auxiliar de Administración Xeral (posto código 138).

II.- Autorizar o gasto total da prórroga do programa referido (28/01/2025 a 27/01/2026)) e dos nomeamentos interinos vinculados ao mesmo segundo informe que obra no expediente: "Toda vez que o persoal vixente a data de hoxe finalizaría a súa relación laboral 27/01/2025, os custes dos nomeamentos propostos, co incremento do 2,5% nos anos 2025 e 2026, serían os seguintes:

Custo total	361.922,53 €
Total retribucións período 28/01/2025-31/12/2025	259.047,75 €
Total retribucións período 28/01/2025-31/12/2025	26.176,23 €
	285.223,98 €

Posto	Nº	GR	TOTAL 2025 (inicio 28/01/2025)			
			BAS.	CD	CE	SS
Enx. Cam.		2A1	33.402,34 €	22.246,07 €	40.424,98 €	25.824,21 €
Enx. indust		2A1	33.402,34 €	22.246,07 €	40.424,98 €	25.824,21 €
Tco xestión		1A2	14.686,10 €	9.868,31 €	17.093,12 €	11.159,72 €
Aux Adtvo.		1C2	9.534,12 €	5.574,86 €	10.144,45 €	6.851,45 €
			91.024,90 €	59.935,31 €	108.087,54 €	69.659,60 €

Posto	Nº	GR	TOTAL 2026 (01/01/2026-27/01/2028)			
			BAS.	CD	CE	SS
Enx. Cam.		2A1	3.375,24 €	2.247,92 €	4.084,86 €	2.609,48 €
Enx. indust		2A1	3.375,24 €	2.247,92 €	4.084,86 €	2.609,48 €
Tco xestión		1A2	1.484,00 €	997,17 €	1.727,22 €	1.127,67 €
Aux Adtvo.		1C2	963,40 €	563,33 €	1.025,08 €	692,33 €
			9.197,88 €	6.056,34 €	10.922,02 €	7.038,96 €

Xa foi informado en data 03/10/2024 (expediente 44929-220 -Tramite 54) asinado polo equipo de traballo para a elaboración do anteproxecto de Capítulo I dos Orzamentos Municipais 2025 e conformado pola Xefatura da Area, que o crédito inicial da aplicación orzamentaria 92001400000 "Outras mod.nomeamento persoal temporal non permanente (INTERINOS SIN PLAZA)", foi dotada cun importe de 400.000,00€.

Asi mesmo xa se sinala no mesmo informe, que o importe do gasto autorizado e comprometido para o ano 2025 (AFUTs) ascende a un total de 49.607,29 €. Polo tanto, o saldo dispoñible, unha vez aprobados os orzamentos, ascendería a 350.392,71 €.

Toda vez o inicio da prórroga do programa, no caso de ser aprobado, non se iniciaría ata o 28/01/2025, disporase dos créditos dos postos vacantes non utilizados no mes de xaneiro 2025 para a realización da pertinente modificación de crédito para dar cobertura



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

orxamentaria ao gasto do presente expediente así como aos nomeamentos interinos informados nos expedientes 45182-220 e 45187-220".

III.- Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, á Área de Fomento, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación a Inspección de persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(924).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA ADQUISICIÓN DUNHA ESCULTURA EN HONOR AO ESCRITOR DOMINGO VILLAR, DO ARTISTA PEDRO DOBAO. EXPTE. 5742/330.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 14/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 15 de outubro de 2024.
- Memoria económica de data 17 de outubro de 2024, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
- Certificado de retención de crédito de data 21 de outubro de 2024 (operación RC nº 12024000177108).
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 29 de outubro de 2024, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.
- Memoria xustificativa, de data 29 de outubro de 2024, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe, de data 14 de novembro de 2024, da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 14 de novembro de 2024, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros-delegados de Área, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xuño de 2024, polo que se aproba a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros delegados e aprobación do texto refundido (expte 1483/1102), no apartado terceiro, punto 6.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade asinou con data 15 de outubro de 2024 o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación por procedemento negociado sen publicidade, do subministro para adquisición de escultura na honra do escritor Domingo Villar.

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformada polo concelleiro-de-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

legado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase entre outras cuestións:

- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, polo seu obxecto corresponde ao tipo de subministros previsto no artigo 16 da LCSP, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. A adxudicación realizarase por sistema de procedemento negociado sen publicidade, en base ao regulado no artigo 168, a) 2º da LCSP, co artista designado pola familia do escritor (Pedro Dobao). O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP.

Oitavo: De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que

legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 21 de outubro de 2024.

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento negociado sen publicidade, do subministro para adquisición de escultura na honra do escritor Domingo Villar.

2º.- Aprobar o Prego de prescripcóns técnicas que rexerá a citada contratación, de data 29 de outubro de 2024, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 14 de novembro de 2024, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **114.950,00 € (cento catorce mil novecentos cincoenta euros)**, sendo o IVE (10%) a soportar pola administración 10.450 €, con cargo á aplicación presupostaria 3340.689.00.00 "Escultura Domingo Villar", proxecto 24334000, do orzamento municipal vixente.

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(925).- ROGOS E PREGUNTAS.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1779/1102

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez